



Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125

**CONCELLO
DE
GONDOMAR**
(Pontevedra)

ref.: cgm/ Acta Pleno/AX/SX/nº 13-16 de 03/11/2016

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA Nº 13/2016 DO PLENO DO CONCELLO

Lugar: Auditorio Lois Tobío

Data: 03.11.2016

Hora de convocatoria: 20.00 h.

Hora de comezo: 20.00 h.

Hora de remate: 22:06 h.

ASISTENTES

- D. Juan Francisco Ferreira González
- Dna. Nuria Lameiro Valverde
- Dna. Iria Lamas Salgueiro

- D. Fernando Gutián Gutián
- Dna. Natalia Sofía Salgueiro Hermida
- Dna. Patricia Durán Pérez
- D. Jesús Salgueiro Pérez.

- D. Xosé Antonio Araújo Quintas
- Dna. Rocío Cambra Castro
- D. Xosé Antón Araúxo Rodríguez

- D. Manuel Gómez González
- D. Javier Gregores Méndez
- Dna. Beatriz Fernández Alonso

- D. Josué Villar Ballesteros
- Dna. María Jimena Varela Rodríguez

SECRETARIO

- Pablo Portela Fernández

No Auditorio Lois Tobío, habilitado como salón de sesións da Corporación, nesta Vila de Gondomar, ás 20.00 horas do 3 de novembro de 2016, reuníronse os membros da Corporación, anteriormente relacionados asistidos polo secretario municipal, por mor de celebrar a Sesión Ordinaria do Pleno, regulamentariamente convocada para este día, coa seguinte orde do día:

1. Aprobación da acta da sesión extraordinaria nº 11/2016 do Pleno do Concello de data 20/09/2016.
2. Expediente 491/2016 Reconecemento dedicacións parciais dos Concelleiros do Goberno.



Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125

CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

3. Expediente 647/2016. Conta Xeral Orzamento 2015.
4. Fiscalización e control dos órganos de Goberno:
 - a. Información periódica a remitir ao Pleno por parte do Departamento de Intervención.
 - b. Dar conta das Resolucións de Alcaldía, Tomo IX (setembro de 2016).
5. Mocións.
6. Rogos e preguntas.

1.- Aprobación da acta da sesión extraordinaria nº 11/2016 do Pleno do Concello de data 20/09/2016.

DELIBERACIÓN

Sr. Alcalde: ¿Alguén pide a palabra? Sr. Salgueiro, ten a palabra.

Sr. Salgueiro: Boas tardes a todos e a todas, dicir que eu me vou a abster nesta votación porque non estiven neste Pleno. Grazas.

Sr. Alcalde: Grazas Sr. Salgueiro. ¿Algunha intervención mais?

Non producíndose ningunha outra intervención, o Sr. Alcalde somete este punto da orde do día a votación ordinaria co seguinte resultado.

VOTACIÓN E ACORDO

O Pleno da Corporación municipal en votación ordinaria e co seguinte resultado: 14 votos a favor: 3 do Grupo Municipal do PSOE, 3 do Grupo Municipal I.X.G. e 3 do Grupo Municipal M.M.; 3 do Grupo Municipal do P.P. e 2 do Grupo Municipal Gondomar Concello Aberto; 1 abstención; e ningún voto en contra, acorda aprobar a proposta arriba transcrita.

2.- Expediente 491/2016 Reconecemento dedicacións parciais dos Concelleiros do Goberno.

Pola concelleira Iria Lamas Salgueiro dáse lectura á Proposta da Alcaldía de data 15.10.2016, que literalmente di:

Sra. Iria Lamas: Grazas Sr. Alcalde. Boas tardes a todos.

PROPOSTA DE ALCALDÍA:



Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125

CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

ASUNTO: RECOÑECIMENTO DE DEDICACIÓN PARCIAL DOS CONCELLEIROS DO GOBIERNO.

"Vista o acordo adoptado polo Pleno da Corporación en Sesión Extraordinaria de data 17.07.2015, relativo ás dedicacións exclusivas e ás dedicacións parciais dos Concelleiros, vista a Delegación que ostenta a Concelleira Dna. Nuria Lameiro Valverde nas Áreas de Cultura, Deporte, Igualdade e Xuventude, e vista a Delegación que ostenta o Concelleiro D. Antón Araúxo Rodríguez nas Áreas de Participación Cidadá, Transparencia, Emprego, Turismo e Dinamización Económica", visto o informe de intervención de data 01/10/2016, pola presente propoño a adopción da seguinte resolución:

Primeiro.- Recoñecer as seguintes dedicacións parciais no desenvolvemento dos cargos coas seguintes características:

CONCELLEIRO DELEGADO DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ, TRANSPARENCIA, EMPREGO, TURISMO E DINAMIZACIÓN ECONÓMICA

15.890,63 euros/ano, a pagar en catorce mensualidades 50 % da xornada de traballo

CONCELLEIRA DELEGADA DE Cultura, Deportes, Igualdade e Xuventude 15.890,63 euros/ano, a pagar en catorce mensualidades

50 % da xornada de traballo

As retribucións anteriores dividiranse en catorce pagas, das que doce serán con devengo mensual e dúas devengaranse nos meses de xuño e decembro e terá efecto dende a adopción da correspondente resolución.

Así mesmo, terán dereito a percibi-las indemnizacións por razón do servizo a que se refire a base de execución 27º, nembargantes, non percibirán indemnización pola asistencia efectiva ás sesión dos órganos colexiados da Corporación.

As percepcións de retribucións polo desenvolvemento de cargos con dedicación será incompatible con calquera outra retribución con cargo aos fondos públicos, así como coa derivada do exercicio doutras actividades nos termos sinalados na lei 53/84 de Incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas.

DELIBERACIÓN

Sr. Alcalde: Grazas, antes de nada que se me esquecía, quería desculpar ao Concelleiro do Governo Juan González, que por motivos persoais non pode estar na celebración deste Pleno, e nada continuamos ¿alguén pide a palabra? Sr. Guitián, ten vostede a palabra.

Sr. Guitián: Moitas grazas, boas tardes a todos. Ao respecto deste punto, este grupo vai a ser moi breve, xa o comentamos no anterior Pleno non sei si foi no anterior, no anterior, ou no anterior, que se trouxeron tamén aquí as modificacións das percepcións polas asistencias aos Órganos Colexiados. Non sei si fora tamén no anterior ou no anterior, que se trouxera tamén aquí a subida das percepcións económicas do Alcalde. Nos xa llo dixemos daquela e volvemos a dicilo desta, nos queremos que traian ao Pleno Xestión para os veciños de Gondomar, non



Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125

C O N C E L L O
D E
GONDOMAR
(Pontevedra)

participamos de que veñan con este tipo de circunstancias que non veñen, a nos non nos interesan, a verdade. No seu momento vostedes fixeron un Goberno, entendíamos que era un Goberno forte, en maioría, e aí estimaron ou puxeron as dedicacións que este grupo non se opuxo, de feito non votou en contra aínda que o noso voto daquela non tivera transcendencia, pero bueno, si que ten o feito do voto en si, ¿non? e non tivemos ningún problema e de feito nos abstivemos porque nos parecía correcto o que vostedes facían, unha vez que ese Goberno, entendo que polo número polo menos aínda que so sexa polo número, é un Goberno forte e deixa de selo, tamén polo número, pois non é , nos non queremos participar dos seus arranxos no Goberno, do que teñan que facer con el, das dedicacións, si van para aquí, se as teñen uns Concelleiros ou as teñen outros, nos non queremos participar neso, é así de simple. O que lle pedimos é que faga un Goberno forte e a partires de aí, dedique o que considere ou reparta as áreas como considere e as dedicacións. O noso voto, e xa remato, vai ser en contra. Grazas.

Sr. Alcalde: Grazas, Sr. Gutián, Sr. Manolo Gómez, Manuel Gómez, perdón, ten vostede a palabra.

Sr. Manuel Gómez: Boas tardes a todas e a todos. Nos mais ou menos, xa deben saber a nosa intención, ou eu creo que destes temas, xa na anterior lexislatura e na anterior pasaron cousas mais ou menos similares, saben mais ou menos como é a miña forma, e neste caso aquí digo a nosa, dos compañeiros do grupo de I.X.G. pero a miña porque ata agora, pois na anterior lexislatura era eu so, e bueno fai xa dúas lexislaturas cando aquí en Gondomar había un Goberno en minoría que no seu día levou tamén as dedicacións, un Goberno en minoría non é un Goberno que poida resolver nin nada, naquel momento o Grupo do que eu formaba parte pois votou en contra, votou en contra de esas dedicacións, e saben tamén como dicía antes que eu son unha persoa que estou case sempre en contra das dedicacións, no seu día cando eu formei parte dun Goberno, que o número un noso tiña dedicación e despois o número tres e o número dous e eu non quisen dedicación eu son unha persoa que me gusta traballar por este Concello, e eu penso que temos que vir a traballar non a mirar quen ten dedicación nin nada, cada un ten que vivir do seu traballo. Eu no sei día fun Concelleiro de vías e obras, dediqueille, deixei o pel, puiden facer moito ou pouco ou ben ou mal pero a intención foi sempre a mellor, eu non quisen dedicación polo cal eu estou en contra das dedicacións, entón como comentaba ou lembraba antes, fai dúas lexislaturas a un Goberno que estaba en minoría nos non lle aprobamos as dedicacións exclusivas. Na anterior lexislatura houbo un Goberno que nun principio foi un Goberno con maioría e tivo unhas dedicacións cuns salarios que cobraban as persoas que tiñan esas dedicacións que no seu día vostedes o habían aprobado, cando quedaron en minoría aquí a este Pleno viu unha moción creo que presentada por vostede Sr. Alcalde, naquel momento era o portavoz do Partido Socialista, pedindo como estaban en minoría, eran un Goberno en minoría que non podía resolver claro, pois pedíndolle o 50% de redución do salario. Daquela vostede no aturulo, eu mesmo lle apoiei, creo que algún compañero mais o apoiou, creo que o Tenente Alcalde o Sr. Araúxo tamén, porque era un Goberno en minoría, o Goberno en minoría pois é un Goberno en minoría, vostedes tiñan un Goberno en maioría, non sei...problemas de vostedes eu, no seu día saíu na prensa ¿non? incluso bueno case home non o vou decir chuleando pero presumindo ¿non? de que, vostede estaba moi contento co pacto que ía facer, nunca na súa vida faría un pacto nin co PP,¿non? nin con I.X.G. co PP non importa,con I.X.G. non o faría tampouco nin sabe si nos o faríamos con vostede ou non, entón, iso durou o que durou, están en minoría polo cal non me vou estender tampouco mais nin a dar mais explicacións, eu creo mais ou menos neste senso o de sempre,nos somos coherentes, eu son coherente e imos na mesma liña, nos en este punto imos votar en contra independente de que o poidan ou non merecer,iso é outra cousa, un Goberno en minoría non é un Goberno (...) polo cal Iniciativa por Gondomar vai votar en contra deste punto. Nada mais, moitas grazas.

Sr. Alcalde: Moitas grazas, Sr. Gómez, ía contestarlle por alusións pero, si fa facelo por alusións pero ten vostede a palabra Sr. Villar.



Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125

C O N C E L L O
D E
GONDOMAR
(Pontevedra)

Sr. Villar: Grazas e boa tarde a todos e a todas. Ben, pois iso unha vez mais, bueno primeiro desculpar a non asistencia do compañeiro Pauliño del Río, pero unha vez mais toca falar de soldos, dicía Guitián que non sabía si neste Pleno ou no anterior, nos fixemos un pouco cálculos, dende que nos saímos do Goberno houbo nove Plenos, de nove plenos en tres, nun terzo viñeron temas relacionados cos salarios, nos estamos un pouco cansos deste vaivén de cifras que ao final todas rematan co mesmo final, por outra banda xa se dixo aquí, vostede pretende, pretenden que un Goberno de sete teña as mesmas dedicacións parciais e exclusivas que un Goberno con dez, obviamente non é o mesmo pola capacidade política, pola capacidade de traballo non lle pode saír á cidadanía a conta pero o peor xa non é isto, o peor é chegar a ler declaracóns en prensa, Iémbrolle a do 30 de outubro no Faro de Vigo se non me erro, se podía ler: "O Alcalde tratou de aprobala por decreto", me refiro as túas dedicacións, O Alcalde tratou de aprobala por decreto pero encontrouse cun informe negativo do departamento de Intervención que obriga a sometelo a debate Plenario, entendo que iso non é moi democrático si queremos estar eludindo o Pleno nos temas que realmente tiñan que vir aquí e son moi importantes, si vostede está convencido que ten que traer esta proposta e tamén dicía en prensa que sempre son valentes, que o traen aquí, e iso está moi ben, está ben debatelas cousas aquí, pero non si logo nos decatarnos que pola porta de atrás o que trata de facer era algo moi diferente, non sei si vostede quere desmentir esta información porque obviamente a prensa, a min me gustaría que vostedes se manifestaran si isto é verdade ou non, pero esta historia ven de atrás, xa levamos tres capítulos, senón catro porque habería que incluír tamén, que todo isto tamén está na prensa cando tratamos de formar este Goberno de tres, ese Goberno forte, o escollo mais importante, o punto que mais tardamos en liquidar entre tres agrupacións políticas moi diferentes foi o salario do Alcalde, foi o derradeiro punto que quedou aí e por algo sería, agora a historia vai poñendo cada cousa un pouco no seu lugar, pero segue tamén: Cando CABE marcha do Goberno e vostede di esta é a miña, agora que non teño a estes aquí vou a tratar de ver si lle dou unha volta ao tema do que cobro, non cobro, cobro moi pouco, segundo palabras súas literais, chegou a dicir que o seu salario de 38.880 euros era indigno, Iémbrolle o de pan e auga, dígalle vostede a unha familia de clase media, de clase baixa deste país que un salario de 38.800 euros é pouco, ou mellor é indigno, penso que non, é un moi bo salario e mais para o traballo que realmente fan vostedes. A historia non acaba aí continua coas rebaixas de asistencias a Plenos e Comisións do 10%, nos aí nos quedou un pouco, cara á súa idea pero dixémoslle moi ben nos aceptamos esa rebaixa do 10% pero vostede como Alcalde, como responsable das actuacións deste Concello, devolva os 10.360 euros dos gastos de convocatorias e a primeira para convocar un Pleno de designación de mesas electorais, sen que estivese listo aínda o censo, e segunda polo tema do xuíz de paz, vostede dicía o outro día devolvérnos os cartos, Alcalde é vostede o que convoca e é vostede o que ten a responsabilidade e eu si perdo na miña vida por ter que vir dende onde sexa a Gondomar por ter que vir a traballar ese día aquí ou perder tempo calquera de nos no noso traballo por estar aí, non temos culpa de que o Alcalde convoque mal os Plenos ou non saiba o que toca en cada día. Hoxe volvamos a outra mais, xa toca falar das súas dedicacións que segundo vostede tamén na prensa, se aforra, xa me dirá vostede cánto díñeiro se aforra este ano si se aprobaran esas dedicacións, e nos pensamos que este Goberno nin sequera merece que votemos nin sequera abstención, obviamente imos votar en contra, igual que votamos nas veces anteriores porque ademais de que non ten lóxica reforzar ou incentivar o seu traballo, pois ¿qué lle quería dicir?, non imos a ser nos quen diga que este Goberno que trae estas ordenanzas aquí coas leis derogadas, que trae ordenanzas feitas por outros Grupos Políticos, etc., etc., merece algúm tipo de beneficio pola nosa banda ou de gratitud. A súa xestión está sendo moi mala, con diferentes temas, é un Goberno aínda que a día de hoxe non foi quen de acordar un PXOM, un Plan Xeral cos Grupos Políticos, unha web inactiva dende que chegamos ao Goberno tripartito, ata que se implantou agora a administración electrónica, cunha web que o único que estaba ben, o único que estaba incluído era o saúdo do Alcalde, que curioso que nunha web nada poida estar ben pero si o saúdo do Alcalde, iso que non falte, pero un Goberno tamén que convoca Plenos Extraordinarios cando son Ordinarios, que non diferencia as convocatorias, que non, que mesmo o que pasou aquí co xuíz de paz, que non sabe cantos



Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125

C O N C E L L O
D E
GONDOMAR
(Pontevedra)

votos precisa para aprobar as súas propias iniciativas, non traten vostedes que nos colaboremos neste show, pero é mais, logo hai cousas como o tema da memoria histórica, ainda estamos esperando eses actos para as vítimas da represión, que aínda non chegaron, xa o da bandeira, xa a colgamos nos, e queda unha causa mais que debe ser que como no Pleno tampouco e por resolución tampouco, alomenos cobrar os gastos de locomoción, digo bueno mira xa que non podo subirme o salario, con 38.800 e pico euros ao ano, mínimo coller os cartos da locomoción, igual sobra. Sr. Alcalde, vostede representa ao Partido Socialista, que xa non sabemos o que é. Vou rematando, creo que está todo dito e simplemente anunciar o noso voto, o noso voto vai ser en contra. Moitas grazas.

Sr. Alcalde: Moitas grazas Sr. Villar, a verdade que non deixa vostede de sorprenderme coa súa retórica demagógica pero bueno, voulle dicir, este Goberno non fará o que ten que facer e non traballará pero dende logo, vostede si que non se decata de nada, non se decata nin onde está o Concello, ao mellor é que non vive nin aquí nin está aquí e so está en Gondomar o día do Pleno, que a min iso non me importa, porque eu non son dos que teña que vostede vivir aquí para que se decate pero mire voulle dicir un par de cousas: as dedicacións parciais, para que o saiba, podo facelo por Decreto, ¿si? so teño que cambiarlle ás Concellerías aos Concelleiros, so , non quero, e non o vou facer porque vostede mo diga, porque podo facelo, pero de poder facelo a non querer facelo hai un rato, pero non pasa nada ¿eh? ¿porque sabe vostede? nos sabemos que non temos maioría absoluta, nin temos maioría para sacar as cousas adiante, o sabemos porque sabemos contar e sabemos que un compaño dos nosos hoxe está impedido, e sabíamolo dende hai quince días, podíamos non traer isto, como no seu momento tampouco fixemos contas para traer o salario do Alcalde para ver si pasaba ou non, traémolo cando verdadeiramente debemos traer as cousas, e si non pasan, non pasan porque iso é a democracia, e ademais facémolo onde temos que facelo perante a cidadanía ¿sabe para qué? Para que saiba o lugar que ocupa cada quien, entón o que teñen que saber hoxe é que as dúas dedicacións parciais que se traían para os Concelleiros de este Goberno, que por estar en minoría non deixa de ser un Goberno, e pode facer mais que moitos en maioría, para iso traémolas aquí. Mire, o único que se gañou coa súa marcha, primeiro foi tempo, porque así non perdemos tanto tempo en facer cousas que vostede, ou ben no facía ou facía mal, como por exemplo perder a subvención da axuda da caseta de Turismo, que aí está, cando vostede xestionaba todo iso, ou algunas cousas mais pero non quería entrar neso porque, sabe o que lle digo, non merece a pena falar de fotocopiadoras nin de cousas desas, non merece a pena, so dícirle hoxe o bo é que a cidadanía sabe a posición de CABE que é sorprendente porque cando vostede estaba no Goberno ben que se poñía dedicación, a cidadanía sabe a postura de IXG que é coerente e é respectable e sabe tamén a postura que asume o Partido Popular, que por certo é a postura mais coerente tamén o teño que dicir, dende o meu punto de vista, porque polo menos deles se presume que son oposición, vostedes non se sabe o que son neste momento si son oposición ou qué son, vostedes non teñen rumbo, nin programa, nin iniciativa política, vostedes andan a salto de mata, a miralas vir, non saben nin por onde sae o sol, e non saben de política, local moi pouco, moi pouco e ademais vostede téñao por seguro que llo van lembrar dentro duns anos. Bueno, salvo por alusións, que supón que vostede terá, porque non vai perder a oportunidade de aproveitar este intre de gloria, pero tamén é certo, a min me gusta que fale porque cada vez que vostede fala nun Pleno, mais subimos nos. Ten vostede a palabra. Perdón, ten a palabra Antonio Araúxo.

Sr. Araúxo: Grazas Alcalde, boas tardes. Ben, eu non vou a entrar neste tipo de debates porque non quero entrar en este tipo de debates porque me parecen que non proceden incluso, ata me parecen pouco elegantes ¿non? pero ao mellor convén aclarar algúns conceptos políticos básicos, que vexo que aquí non se teñen e ao mellor hai que aclaralos. Imos ver un Goberno en minoría é tan lexítimo como un Goberno en maioría ¿de acordo? É absolutamente lexítimo e está lexitimado para gobernar e si alguén quere ou cree que non está lexitimado para gobernar, teno moi fácil, faga unha moción de censura e punto, algúns dos que están aquí teñen experiencia niso, así de simple, é así ¿ou non? iso é o democrático e o lexítimo ¿de acuerdo? Iso por un lado, por outro lado o debate das dedicacións exclusivas e os cartos, eu xa



Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125

C O N C E L L O
D E
GONDOMAR
(Pontevedra)

sei que iso se presta moito a demagogoxia en tódolos lados desgraciadamente, préstase moito a demagogoxia ¿de acordo? Eu me pregunto agora qué pasaría si o goberno do estado, por certo un goberno en minoría, por certo un goberno en minoría, pois si alguén lle sacará o salario ao presidente do goberno e aos ministros, bueno e que xa me parece un disparate, pero que ademais, e que ademais deso hai outra cuestión peor que entendo na dereita, entendo na dereita, na esquerda xa non entendo nada e é que ao final ¿qué pasa? É que temos que volver a facer política coma no século XIX, que so podían ser ministros, concelleiros, deputados os ricos, os que podían vivir que tiñan para vivir, eran terratenentes, tiñan recursos, eran millonarios, entón a política volvemos a política dos ricos, os ricos poden estar na política, os traballadores non podemos estar na política porque si alguén ten que renunciar a horas e lle descontan horas do seu salario ou da súa dedicación para dedicarse ao servizo público, claro como non, hai a quen non se lle pode dedicar un salario, non poden telo ¿verdade? pois entón a política dos ricos, volvemos ao século XIX, mal, pois moi ben non o entendo, na esquerda non o entendo sinceramente non, e dilo alguén que estivo traballando aquí de alcalde sen salario durante moito tempo ¿de acuerdo? Porque llo sacaron, esta corporación, e en canto por último remato, en canto a xestión boa ou mala, déixennos traballar, xa se verá, non se preocupen, xa se verá, non se preocupen, eu dende logo moi mala non debe ser, digo eu, porque na...as críticas, salvo unha vez ao mes que vimos aquí, o resto do mes non se escucha nada, non se escucha, nin se le, nin se ve absolutamente nada, polo tanto digo eu que tan mala non debe ser e supón que fallos haberá, seguro que os hai, xa lle digo eu que os hai, polo tanto imos ser un pouquín serios con estas cousas e imos a darlle , o correcto sería que estas medias dedicacións que as tiveran aquelas persoas que traballan e se van a dedicar a isto, eu nunca critiquei as medias dedicacións, ou as dedicacións, nunca, é mais tamén me abstiven ao principio, simplemente critiquei despois co paso do tempo si se merecían ou non, e cando digo si se merecen ou non poño datos enriba da mesa por qué ou porque non se merecen, cousa qué aquí non se fixo, nesta tarde, polo tanto en fin, alá cada quen coas súas demagogoxias, estas cousas porque a demagogoxia igual que a mentira ten as patas moi curtas, enseguida, enseguida se volve en contra ¿verdade? e acaba relucindo o que realmente hai detrás, polo tanto eu lamento que isto sexa así, non pasa nada, dende logo no que respecta ao meu grupo imos seguir traballando exactamente igual con dedicación, sen dedicación e como fixemos sempre, non hai problema por iso, agora en fin, insisto non deixa de sorprenderlle a un como cambian os pareceres, bueno, todo o mundo ten dereito a cambiar de opinión, non hai problema. Grazas.

Sr. Alcalde: Grazas Sr. Araúxo, ten vostede a palabra Sr. Villar.

Sr. Villar: Ben, creo que antes non me entendeu ben Sr. Alcalde, cando dicía que nun titular dícia: " O Alcalde tratou de aprobala por decreto" e se encontrou cun informe negativo do departamento de Intervención que lle obriga a sometela a debate Plenario, entendo que estas palabras son súas, non son miñas, en tal caso o que non se decata de nada é vostede, entón eu non sei, eu o que lle pedía era que me aclarara si vostede dixo isto en realidade ou non, simplemente, non é unha apreciación miña. En segundo lugar, si tanto lle importa dala cara, ¿por qué agora neste Pleno, non se responden as preguntas aquí, neste debate?, iso é dala cara e a xente se decata, de mais cousas, é o que vostede quere ¿non ? pois traia, e responda aquí e responda aos grupos como se facía antes, cando nos estabamos no Goberno.

Sr. Araúxo, unha aclaración, estou totalmente de acordo con vostede, a política non pode ser para os ricos, nos non estamos criticando o feito dunha dedicación por ser unha dedicación, nos no seu momento cando fixemos este acordo defendemos, vostede o sabe ben, unha dedicación por grupo e co mesmo argumento que vostede está dando hoxe, entendímos que mentres se traballara nun Goberno e ainda por riba bastante potente estaba xustificado, nos neste momento, polas razóns que din antes nos pensamos que non está xustificado. Por outra banda había outra cousa mais e dicía que o debate, o Sr. Antonio dicía que era demagóxico, é certo se prestan estas cousas a facer demagogoxia, non somos nos tampouco quen traen tres



Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125

**CONCELLO
DE
GONDOMAR**
(Pontevedra)

propostas en nove Plenos falando de salarios nin somos nos quen poñemos isto enriba da mesa, gustaríame simplemente deixalo claro e nada mais, xa está todo aclarado.

Sr. Alcalde: Vale grazas Sr. Villar, isto non da para mais, podíamos estar falando largo e tendido, creo que cada quen xa saca as conclusións e nos como membros da corporación xa as temos, supón.

Non producíndose ningunha outra intervención, o Sr. alcalde somete esta proposta a votación ordinaria co seguinte resultado:

VOTACIÓN E ACORDO

O Pleno da Corporación municipal en votación ordinaria e co seguinte resultado: 6 votos a favor: 3 do Grupo Municipal do PSOE e 3 do Grupo Municipal M.M.; 9 votos en contra: 2 do Grupo Municipal Gondomar Concello Aberto, 3 do Grupo Municipal I.X.G., e 4 do Grupo Municipal do P.P.; e ningunha abstención,, acorda rexistar a proposta arriba transcrita.

3.- Expediente 647/2016. Conta Xeral Orzamento 2015.

Pola concelleira Iria Lamas Salgueiro dáse lectura á Proposta da Alcaldía de data 24.10.2016, que literalmente di:

ASUNTO: APROBACIÓN CONTA XERAL ORZAMENTOS ANO 2015.

"Vista a proposta de Alcaldía de data 24.10.2016, que literalmente di:

Considerando que o obxecto da reunión da Comisión Especial de Contas é proceder

ao exame da Conta Xeral do Orzamento desta Entidade, correspondente ao exercicio económico de 2015, en cumprimento do disposto no artigo 116 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local e no artigo 212 do Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

Considerando que, formada e informada a Conta xeral correspondente ao exercicio 2015, xunto coa documentación anexa á mesma, segundo a lexislación vixente, foi sometida a informe de Intervención de data 17 de agosto de 2016 e a Ditame da Comisión especial de Contas de 08 de setembro de 2016.

Considerando que a mesma foi exposta ao público para a formulación, no seu caso, de alegacións, reparos ou observacións, mediante a súa publicación no BOP nº 179 de data 19 de



Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125

C O N C E L L O
D E
GONDOMAR
(Pontevedra)

setembro de 2016 e que non se presentaron alegacións durante o prazo de exposición ao público,

PROPOÑO

PRIMEIRO.- Aprobar a Conta Xeral do exercicio 2015

SEGUNDO.- Render a conta xeral así aprobada e toda a documentación que a integra á fiscalización do Consello de Contas, tal e como establece o artigo 212.3 do Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

TERCEIRO.- Render a conta xeral así aprobada e toda a documentación que a integra ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, tal e como establece o artigo 15 da Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenrolan as obrigas de subministro de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira.

DELIBERACIÓN

Sr. Alcalde: Grazas Sra. Salgueiro, ¿algunha intervención? Sra. Natalia Salgueiro ten vostede a palabra.

Sra. Natalia Salgueiro: Grazas Alcalde, boas noites a todas e a todos. Bueno primeiro quería comenzar un pouco por explicar de forma resumida qué é a conta xeral. A conta xeral é un conxunto de documentos ou estados dunha entidade local que como xestora de recursos públicos ten a obriga de elaborar ao finalizar cada exercicio contable. A finalidade destes documentos non é outra que informar aos interesados sobre como se utilizaron os recursos obtidos e en que senso se gastaron estes recursos entre outras cousas. Infórmanos sobre a situación dos bens, dereitos, a financiación, os préstamos ou as débedas, infórmanos sobre os ingresos, gastos, perdas ou beneficios e nos traslada tamén como se executou o orzamento e cales e cantos foron os recursos obtidos, e como xa dixen antes en qué se empregaron e o destino destes. Toda esta información refírese sempre a un exercicio pechado, e neste senso nos non imos a profundar nin a entrar no debate de cal foi o destino deses recursos porque coñecemos perfectamente o orzamento municipal, coñecemos perfectamente cales son as súas fortalezas e as súas debilidades e cando vostede Alcalde trouxo a este Plenario a aprobación dun Plan Económico Financeiro, xa nos manifestamos, dixemos que durante os meses co Sr. Gutián foi Alcalde, e eu nese senso Concelleira de Economía e Facenda, tódolos informes de Intervención durante eses cinco meses despexaban todos e cada un dos procedementos e todos e cada un dos parámetros que se establecen na Lei de Estabilidade Presupostaría, cousa que non ocorre agora ao finalizar este exercicio. Xa falamos deso, cando falamos do Plan Económico Financeiro que a inestabilidade que se orixinou foi sempre durante os meses nos que vostede xa formaba Goberno, e era Alcalde ¿non? entón, bueno nese senso repito non imos a entrar a valorar si están ben ou mal xestionados, ou ben ou mal referenciados os ingresos que obtivo o Concello. No que si queremos paramos un pouquiño



Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125

CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

mais é que cando falamos de Conta Xeral, temos que falar tamén de prazos e de procedemento. O artigo 212 do R.D. 2/2014 de 5 de marzo, establece os prazos de rendición de publicidade e de aprobación da Cota Xeral. Os estados, di entre outras cousas, os estados de contas da entidade local serán rendidas por su Presidente antes do 15 de maio seguinte ao exercicio que corresponda, será sometida a Comisión especial de Contas antes do 1 de xuño, neste caso do ano 2016, ademais a Conta Xeral co informe da Comisión esta de Contas será exposta ao público por un prazo de quince días durante os cales mais oito días mais poderán presentarse reclamacións e suxestións e unha vez examinadas deben someterse novamente á Comisión de Contas para someterse ao Ditame do Pleno antes do 1 de outubro, e a conta deberá ser rendida, neste caso que estamos en Galicia, ao Consello do Tribunal de Contas antes do 15 de outubro, igual que pasou co Plan Económico Financeiro cando vostedes o trouxeron a este Plenario obviando totalmente o procedemento que establece a Lei e obviando totalmente os prazos que tamén establecen, entón si imos a Conta Xeral que temos aquí do ano 2015, no momento que se puxo á disposición dos membros da Comisión de contas o día 18 de agosto e a Comisión Especial de Contas celebrouse o 8 de setembro, si volvemos ao que estaba comentando anteriormente di que a Comisión Especial de Contas debe celebrarse antes do 1 de xuño e celebrouse o 8 de setembro, a publicación no Boletín foi o 19 de setembro o que nos leva a estar hoxe 3 de novembro ditaminando a Conta Xeral cando a norma di claramente que se someterá ao Pleno para ser aprobada antes do 1 de outubro. A verdade é que Alcalde botamos de menos todos os coñecementos de procedemento e de tramitación administrativa que tiña cando estaba sentado como membro da oposición porque nese momento si que nos daba leccións de todo tipo e parece que de repente esfumáronse todas esas ideas e vostede como Alcalde non é capaz de levalas a cabo. Ademais de todos estes incumplimentos de prazos temos tamén un informe da Interventora municipal que deixa de manifesto totalmente, claramente o incumplimento dos prazos pero ademais tamén di que

existe incumplimento da regra de gasto que xa falaramos desto no Plan Económico Financeiro, que foi o que derivou en ter que aprobar este Plan Económico Financeiro novo e ademais fala tamén do incumplimento do Plan Económico Financeiro do ano 2015, o Plan Económico Financeiro do ano 2015 o aprobou o anterior Goberno e grazas a ese Plan Económico, creo que xa o manifestei aquí nalgunha ocasión, grazas a ese Plan Económico o ano 2014 pechouse cumplindo todos os parámetros fixados na Lei de Estabilidade Presupostaria, todos e cada un deles, ademais a Conta nese momento tamén cumplía coa regra de gasto, co nivel de endebedamento e todos aqueles procedementos que se tiñan establecidos naquel entón. A conta Xeral, quero levarme un pouquín fai un ano atrás, a Conta Xeral do ano 2014 contaba con informes de Intervención como digo, favorables en todos os aspectos, cumplía a estabilidade orzamentaria, os case 400.000 euros mas que cumple agora, cumplía a regra de gasto en 450.000 euros cando agora está nun importe negativo de 73.000 euros, cumplía co Plan de Axuste que tiñamos en vigor naquel momento e cumplía co Plan Económico Financeiro e cumplía ademais con algo que eu creo que é importante, é importante para principalmente as empresas, moitas delas pequenas que traballan para o Concello, que estábamos cun período medio de pago a provedores de 18 días e neste momento se presenta cun prazo de 69 días e agora me vai permitir que lle lea un trociño do estrato dun Pleno, do Pleno celebrado o 7 de maio de 2015 cando se someteu a aprobación, cando se someteu a aprobación a Conta Xeral do 2014. Dicía, a ver si vostede reconece esas verbas: *"cando traían as contas como teñen que traerse aquí, claras e demais aprobáremosllas, cando vostede intenta traer unhas contas e intenta convencer de que dous e dous son cinco, nos ímoslle dicir que lle votamos en contra, eu dígolle que lle votamos en contra a Conta Xeral porque esta conta non se pode aprobar"*, non sei si reconece vostede esas verbas Sr. Alcalde, pois esas foron xusto como finalizou vostede a súa intervención cando nos trouxemos aquí unha Conta Xeral, repito e non me cansarei de dicilo, con todos os informes favorables e cumplindo todos e cada un dos parámetros que establecía a Lei, o que pasa é que vostede nese momento era coñecedor de, supoño que agora tamén, de que sen unha aprobación da Conta Xeral podía



Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125

C O N C E L L O
D E
GONDOMAR
(Pontevedra)

darse o caso de que non puideramos acceder a algunha subvención, e vostede nun xesto de irresponsabilidade total e absoluta, como xa tivo varios, pois decidiu votar en contra, a ver si desa maneira podía vostede boicotear a acción dun Goberno en minoría por aquel entón. Fixo o mesmo que fixo co Plan do Convenio de Transporte, que continuamos sen telo, vostede cando o Goberno anterior trouxo en dous ocasións a este Plenario o Convenio do Transporte, vostede e o seu Tenente Alcalde votaron en contra e hoxe en día os veciños de Gondomar continúan tendo que abonar, e que non me cansarei de dicilo pleno tras pleno, continúan tendo que abonar o dobre que os veciños de Nigrán e de Baiona e os menores de dezanove anos teñen que continuar pagando o billete cando os compañeiros de estudos en moitos casos van de balde. Iso foi unha de tantas das decisións ou dos votos que vostede manifestou cando estaba na oposición. Vostede consideraba, non sei, dalgunha maneira que, creo, non sei, que tería vostede un rédito político, non sei, non son capaz de velo pero vostede votaba en contra en moitos casos, permítame que llo diga, sen saber que votaba, como era o caso da Conta Xeral do ano 2014. Bueno, nos continuamos actuando, pois en consecuencia actuando con responsabilidade e sabendo o que temos entre mans, entón nos non imos a obrar como vostede, non imos a votar en contra pois soamente por intentar boicotear a acción dun Goberno en minoría, non, non vai sero caso Sr. Alcalde, nos non imos impedir que hoxe se apróbese a Conta Xeral pero por suposto tampouco vai ter o noso voto a favor porque é unha Conta quē incumpre, como xa dixen inicialmente, todos e cada un dos prazos que establece a norma, entón soamente neste punto anunciar o noso voto que vai ser abstención. Grazas.

Sr. Alcalde: Moitas grazas Sra. Natalia Salgueiro ¿mais intervencións? Sr. Manuel Gómez, ten vostede a palabra.

Sr. Manuel Gómez: Imos a ver Sr. Alcalde, miúdo panorama ¿eh? Sr. Alcalde e señores..por favor ¿alguén quere falar ou algo?.....(público fala....)

Sr. Alcalde: Si teñen algo que decir diríxanse ao señor Presidente deste Plenario que é o Alcalde e non ao público, grazas.

Sr. Manuel Gómez: Pregúnteme Alcalde porque están preguntándome, dígalle ao público por favor que cale para eu poder falar.

Sr. Alcalde: O público agora mesmo está calado, continúa Sr. Gómez.

Sr. Gómez: De acordo, pois continúo logo, miúdo panorama Sr. Alcalde, a Conta Xeral, bueno xa a Concelleira, non imos a entrar tanto en materia porque nos imos a enrolar aquí innecesariamente, incumprimos plan, inestabilidade, prazos, todo, miúdo panorama, despois áinda por riba nos traen un punto fai uns poucos plenos vostedes para que lle subamos o soldo, agora para que lle deamos dedicación a dous concelleiros, por favor e que isto, isto é grave, isto é grave jeh! eu creo que nunca na historia se trouxo a Conta Xeral desta forma, con estes informes e tan fora, fora de tempo, como está isto porque non cumple, non cumple con ningún dos prazos, pero mire neste momento, como vostede sabe e todos sabemos o Goberno está en minoría, a oposición é maioría, vostede imaxínese que agora a oposición vota en contra que votemos en contra todos desta Conta Xeral, pois miúdo problema para Gondomar, miúdo panorama, porque esta Conta Xeral case merece que se lle vote en contra pola súa incapacidade, vou a dicir, e pola súa falta de descoñecemento, imos ver porque eu penso que non o fixo á mantenta, a falta de coñecemento ou a falta de querer traballar pola súa irresponsabilidade ou irresponsabilidade de este Goberno nos trae esta Conta Xeral, unha Conta Xeral que habería que votala en contra, ¿qué pasa? Que miúdo, miúdo favor lle faríamos a Gondomar, si agora a oposición vota en contra, non sae adiante esta Conta Xeral, e bueno todos sabemos, perderíamos subvencións, perderíamos un montón de cousas pero bueno pois nos non podemos aprobar esta Conta Xeral, non podemos aprobar esta Conta Xeral, pois incluso ata podíamos pillarnos os dedos neso, entón tampouco lle podemos facer este dano



Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125

**CONCELLO
DE
GONDOMAR**
(Pontevedra)

aquí a este pobo, nos estamos para axudar a este pobo e para facer cousas a prol de Gondomar, entón non podemos votar en contra tampouco, non podemos privar a Gondomar de que poida ter subvencións e todo iso, que sería o que habería que facer votando en contra, polo cal o noso voto o de Iniciativa por Gondomar vai ser abstención. Nada mais.

Sr. Alcalde: Moitas grazas Sr. Gómez, Sra. Varela, ten vostede a palabra.

Sra. Varela: Grazas, boas tardes, bueno antes falaba o Sr. Araúxo de demagogoxia e de que non traímos exemplos concretos da ineficacia do Goberno, bueno non fai falla seguir a orde do día do Pleno de hoxe para ver exemplos concretos e a pesar do que xa falaron os restantes grupos da oposición e non vou a repetir a mesma argumentación, o informe de Intervención fala deses prazos que non se cumplen en ningún caso, que non se cumple o período de pago, bueno a pesar do desastre, sabemos que é un documento necesario e importante para o Concello polo tanto o sentido do noso voto vai a ser a abstención. Grazas.

Sr. Alcalde: Grazas, ¿algunha intervención mais? Pois para rematar, so dicirvos, dicirlles que non lle vou dar a palabra a Interventora, tranquilos e imos a someter á votación este punto e tamén dicirvos que está todo controlado, crerme.

Non producíndose ningunha outra intervención, o Sr. alcalde somete esta proposta a votación ordinaria co seguinte resultado.

VOTACIÓN E ACORDO

O Pleno da Corporación municipal en votación ordinaria e co seguinte resultado: 6 votos a favor: 3 do Grupo Municipal do PSOE e 3 do Grupo Municipal M.M.; 9 abstencións: 2 do Grupo Municipal Gondomar Concello Aberto, 3 do Grupo Municipal I.X.G., e 4 do Grupo Municipal do P.P.; e ningún voto en contra, acorda aprobar inicialmente a proposta arriba transcrita.

4. Fiscalización e control dos órganos de Goberno:

a. Dar conta da Información periódica a remitir ao Pleno da Corporación por parte do Departamento de Intervención.

Pola Presidencia dáse conta da informe periódico de data 28.10.2016 do Departamento de Intervención ao Pleno da Corporación que consta de:

1. Oficio de remisión da Intervención Xeral á Alcaldía-Presidencia.

2. Contido:

- A. Informe-Resume das Resolucións de Alcaldía adoptadas contrarias aos reparos efectuados.
- B. Execución do orzamento de gastos no exercicio corrente.
- C. Execución do orzamento de ingresos no exercicio corrente.
- D. Movementos e situación da Tesourería.

O Pleno da Corporación Municipal queda informado.



Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125

C O N C E L L O
D E
GONDOMAR
(Pontevedra)

b. Dar conta das Resoluciós de Alcaldía, Tomo XI.

Pola Presidencia dáse conta das Resoluciós de Alcaldía, Tomo XI (dende a resolución 1571/2016 de data 27 de outubro ata a resolución 1691/2016 de data 21 de novembro).

"DECRETO 2016-1691 [Resolución de Alcaldía (favorable)]";"21/11/16 11:29";"INDEMNIZACIONS ASISTENCIA TRIBUNAIS BOLSA TECNICO ADMINISTRACION XERAL (RELACION 211)";"1082/2016";"Tribunal bolsa técnico admon xeral (relacion 211)";"subscricións completa"

"DECRETO 2016-1690 [Resolución Ben Inmuble]";"18/11/16 13:43";"Solicitud Ben Inmuble";"1066/2016";"Autorización Ben Municipal Alcaldía)";"subscricións completa"

"DECRETO 2016-1689 [RESOLUCIÓN DEL RECURSO DE REPOSICIÓN]";"18/11/16 13:24";"RESOLUCION

RECURSO DE REPOSICION COMPENSACION DEUDA HORMIGONES GONDOMAR";"1061/2016";"COMPENSACION DE DEUDAS HORMIGONES GONDOMAR";"subscricións completa"

"DECRETO 2016-1688 [Decreto da convocatoria]";"18/11/16 13:19";"Convocatoria Comisión Informativa de contas 22.11.2016";"CIEFEC/2016/4";"Convocatoria de Comisión Informativa de Economía e Facenda e Especial de Contas";"subscricións completa"

"DECRETO 2016-1687 [RESOLUCION]";"18/11/16 12:54";"Resolución Tapería Margodon";"602/2016";"AXVI Licenza de obra";"subscricións completa"

"DECRETO 2016-1686 [Resolución de Alcaldía (desfavorable)]";"18/11/16 11:53";"Aprobación facturas. Relación 208. Facturas recib.set. Energalicia. (desfav.)";"1022/2016";"Aprobación de Facturas. Relación 208. Fact. recib.set. ENERGALICIA";"subscricións completa"

"DECRETO 2016-1685 [Resolución de Alcaldía (desfavorable)]";"18/11/16 11:53";"Aprobación de Facturas.Relación 209. Factura. TELEFONICA setembro/16 (desfav.)";"1054/2016";"Aprobación de Facturas. Relación 209.Factura. TELEFONICA setembro/16";"subscricións completa"

"DECRETO 2016-1684 [resolución erro material E.I.]";"18/11/16 11:49";"rectificativa por avocación de competencias rúa Eduardo Iglesias";"733/2016";"Reforma marxe dereita rúa Eduardo Iglesias, num.33/15";"subscricións completa"

"DECRETO 2016-1683 [Resolución da Alcaldía]";"18/11/16 10:22";"MODIFICACION ORZAMENTARIA Nº21/16 (GASTOS SEN CREDITO)";"1063/2016";"Modificación de crédito nº 21/16 (gastos sen crédito)";"subscricións completa"

"DECRETO 2016-1682 [Resolución de Alcaldía (desfavorable)]";"18/11/16 10:18";"Aprobación facturas. Relación 207. Facturac.electric.setembro/16 S.U.R. (desfav.)";"1027/2016";"Aprobación de Facturas. Relación 207.

FACTURAC.ELEC.SETEMBRO/16 (SUR)";"subscricións completa"



Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125

C O N C E L L O
D E
GONDOMAR
[Pontevedra]

"DECRETO 2016-1681 [resolución alcaldía SAF -CELSO FERNANDEZ]";"18/11/16 10:17";"RESOLUCION ALCALDIA SAF LIBRE CONCURRENCIA DE D. CELSO FERNANDEZ RIVERO";"1000/2016";"Prestación do servizo de axuda a domicilio";"subscricións completa"

"DECRETO 2016-1680 [aprob. exp.contr. 33-15 obra rúa eduardo]";"18/11/16 10:16";"rúa eduardo iglesias. expte. contratación";"733/2016";"Reforma marxe dereita rúa Eduardo Iglesias, num 33/15";"subscricións completa"

"DECRETO 2016-1679 [Resolución protección datos]";"17/11/16 21:50";"Resolución Rectificación decreto 2016-1625 de Protección de datos de carácter persoal";"625/2016";"[Creación/Modificación/Supresión] de Ficheros de Datos de Carácter Personal.";"subscricións completa"

"DECRETO 2016-1678 [040716 RESOLUCION CANS 113-16 CON ALEG]";"17/11/16 21:47";"resolución cans non censado en Donas por Carmen Fernández";"1026/2016";"EXPEDIENTE SANCIÓNADOR ANIMAIS 116/16, CARMEN FERNANDEZ";"subscricións completa"

"DECRETO 2016-1677 [RESOLUCIÓN HORAS EXTRAS JOSÉ A. PEDROSA COMESAÑA]";"17/11/16 21:46";"Horas extras realizadas por persoal laboral do Concello";"473/2016";"Ficha de Empregado José A. Pedrosa Comesaña";"subscricións completa"

"DECRETO 2016-1676 [Resolución da Alcaldía]";"17/11/16 21:45";"EMERXENCIA SOCIAL. PAX 58/16";"1042/2016";"Emerxencia social Mª Esther Méndez Rodríguez(PAX 58/16)";"subscricións completa"

"DECRETO 2016-1675 [abandono de un animal 16]";"17/11/16 21:44";"resolución animais abandoados";"1060/2016";"Animais abandoados Carlos Perez 146/16";"subscricións completa"

"DECRETO 2016-1674 [Resolución da Alcaldía pax 61.16 ALQUILER]";"17/11/16 21:44";"EMERXENCIA SOCIAL PAX 61/16";"1047/2016";"Emerxencia social Mª Carmen Coello Misa(PAX 61/16)";"subscricións completa"

"DECRETO 2016-1673 [Resolución da Alcaldía]";"17/11/16 21:44";"MODIFICACIÓN CRÉDITO 20/16 (SUBVENCIÓN EDUARDO IGLESIAS-PPOS 2015)";"1059/2016";"Modificación crédito nº 20/16.- reforma marxe dereita rúa eduardo iglesias (PPOS 2015)";"subscricións completa"

"DECRETO 2016-1672 [Resolución da Alcaldía PAGO A XUSTIFICAR(62/16)]";"17/11/16 21:44";"EMERXENCIA SOCIAL.PAX 62/16";"1062/2016";"Emerxencia social Javier Lorenzo Lorenzo (PAX 62/16)";"subscricións completa"

"DECRETO 2016-1671 [Resolución da Alcaldía PAGO A XUSTIFICAR]";"17/11/16 13:51";"EMERXENCIA SOCIAL. PAX 59/16";"1044/2016";"Emerxencia social Amelia Ferreira González (PAX 59/16)";"subscricións completa"

"DECRETO 2016-1670 [Resolución da Alcaldía PAGO A XUSTIFICAR (60/16)";"17/11/16 13:50";"EMERXENCIA SOCIAL-PAX 60/16";"1037/2016";"Emerxencia social Manuel Antonio Da Silva Doval(PAX 60/16)";"subscricións completa"



"DECRETO 2016-1669 [RESOLUCION TOMA DE RAZON]"; "17/11/16 13:02"; "TOMA DE RAZON"; "481/2016"; "AVI Comunicación previa de actividad"; "subscrípciones completa"

"DECRETO 2016-1668 [RESOLUCIÓN FAVORABLE]"; "17/11/16 9:55"; "toma razón actividad"; "159/2016"; "AVI Comunicación Previa de Actividad"; "subscrípciones completa"

"DECRETO 2016-1667 [RESOLUCION TOMA DE RAZON]"; "17/11/16 9:51"; "Toma de razon"; "330/2016"; "AXVI Licenza de obra"; "subscrípciones completa"

"DECRETO 2016-1666 [Resolución de Alcaldía (desfavorable)]"; "17/11/16 9:03"; "Aprobación de Facturas. Relación 204. FACT. ELECTRIC. AGOSTO/16 (S.U.R.) (desfav)"; "1023/2016"; "Aprobación de Facturas. Relación 204. FACT. ELECTRIC. AGOSTO/16 (S.U.R.)"; "subscrípciones completa"

"DECRETO 2016-1665 [Resolución de Alcaldía plusvalía 957]"; "16/11/16 14:38"; "PLUSVALIA EXPTE 957"; "957/2016"; "Liquidación IVTNU (Antonio Martínez Pazo)"; "subscrípciones completa"

"DECRETO 2016-1664 [Resolución de Alcaldía plusvalía 963 A]"; "16/11/16 14:32"; "PLUSVALIA EXPTE 963 ANA SOUSA"; "963/2016"; "Liquidación IVTNU (Ana Davila Sousa)"; "subscrípciones completa"

"DECRETO 2016-1663 [Resolución de Alcaldía plusvalía 963 B]"; "16/11/16 14:31"; "PLUSVALIA EXPTE 963 ANA DAVILA SOUSA"; "963/2016"; "Liquidación IVTNU (Ana Davila Sousa)"; "subscrípciones completa"

"DECRETO 2016-1662 [RESOLUCION ALCALDIA COMEDOR ESCOLAR]"; "16/11/16 14:31"; "CONCESION AXUDAS COMEDOR ESCOLAR (7º RESOLUCION). ACTA 10-11-16"; "14/2016"; "COMEDOR ESCOLAR 2016-2017"; "subscrípciones completa"

"DECRETO 2016-1661 [ANTICIPO NÓMINA M. CARMEN RODRÍGUEZ PÉREZ]"; "16/11/16 14:30"; "Anticipo nómina do mes de novembro da traballadora M. Carmen Rodríguez Pérez"; "1038/2016"; "ANTICIPO DE NÓMINA NOVEMBRO DE M. CARMEN RODRÍGUEZ PÉREZ"; "subscrípciones completa"

"DECRETO 2016-1660 [Resolución alcaldía 1045-16]"; "16/11/16 14:29"; "Anuncio DOGA delimitación núcleo prado morgadáns. Expdte Urbanismo 742/16 (Relación 205)"; "1045/2016"; "Anuncio DOGA delimitación núcleo prado morgadáns. Expdte Urbanismo 742/16"; "subscrípciones completa"

"DECRETO 2016-1659 [NOMEAMENTO AVOGADO PROCEDEMENTO SUSANA DE CASTRO (PO790/2016)]"; "16/11/16 14:27"; "Nomeamento do avogado que asistirá ao Concello de Gondomar no Xulgado nº 3 de Vigo - Refuerzo (PO 790/2016) en relación coa demanda presentada por Susana De Castro Araújo."; "755/2016"; "DEMANDA PRESENTADA POR SUSANA DE CASTRO ARAÚJO (PO790/2016)"; "subscrípciones completa"

"DECRETO 2016-1658 [Resolución de Alcaldía (favorable)]"; "16/11/16 14:10"; "ANUNCIO BOP OBRA APARCADOIRO MERCADO DE ABASTOS (RELACION 206)"; "1031/2016"; "Anuncio BOP aparcadoiro mercado abastos zona policía río Zamáns, na rúa rosalía de castro (relación 206)"; "subscrípciones completa"



Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125

CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

- "DECRETO 2016-1657 [RESOLUCION DE REQUIRIMIENTO]"; "16/11/16 11:37"; "requisito"; "902/2016"; "AXVI Licenza de obra"; "subscripciones completas"**
- "DECRETO 2016-1656 [111616 resolución rectificación da resolución nova exposición pública]"; "16/11/16 11:35"; "RESOLUCION DE RECTIFICACION"; "586/2016"; "U1 Delimitación de solo de núcleo rural"; "subscripciones completas"**
- "DECRETO 2016-1655 [resolución campo de futbol 16]"; "15/11/16 17:05"; "resolución campo de futbol 1-final"; "768/2016"; "reforma campo do campo de As Gaianas 27-15"; "subscripciones completas"**
- "DECRETO 2016-1654 [RESOLUCIÓN NOVA APERTURA DE INFORMACION PUBLICA]"; "15/11/16 13:01"; "RESOLUCION NOVA APERTURA DE INFORMACION PUBLICA"; "742/2016"; "U1 Delimitación de solo de núcleo rural"; "subscripciones completas"**
- "DECRETO 2016-1653 [SOLICITUDE DE CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA CONVOCATORIA E SELECCIÓN DE PRAZAS VACANTES NO CORPO DA POLICIA LOCAL]"; "14/11/16 23:46"; "Resolución relativa a solicitud de convenio de colaboración para convocatoria de prazas vacantes no corpo da Polícia Local"; "1014/2016"; "Convocatoria de selección de prazas vacantes no corpo da Polícia Local"; "subscripciones completas"**
- "DECRETO 2016-1652 [RESOLUCION DE REQUIRIMENTO]"; "14/11/16 13:57"; "RESOLUCION DE REQUIRIMENTO"; "894/2016"; "AXVII Licenza de parcelamento, segregación ou división de terreos"; "subscripciones completas"**
- "DECRETO 2016-1651 [RESOLUCION DE REQUIRIMENTO]"; "14/11/16 13:55"; "RESOLUCION DE REQUIRIMENTO"; "1012/2016"; "AVIII Comunicación previa cambio de Titularidade de Obras"; "subscripciones completas"**
- "DECRETO 2016-1650 [RESOLUCION DE REQUIRIMIENTO]"; "14/11/16 13:55"; "requisito"; "1007/2016"; "AXVI Licenza de obra"; "subscripciones completas"**
- "DECRETO 2016-1649 [RESOLUCION DE REQUIRIMIENTO]"; "14/11/16 13:52"; "requisito"; "1013/2016"; "AVII Comunicación Previa de Obra"; "subscripciones completas"**
- "DECRETO 2016-1648 [Resolución de Alcaldía (favorable)]"; "14/11/16 9:44"; "INDEMNIZACIONES ASISTENCIA TRIBUNAIS SELECCION PERSONAL (RELACION 202)"; "927/2016"; "Dietas asistencia tribunais 2016 (relación 202)"; "subscripciones completas"**
- "DECRETO 2016-1647 [RESOLUCIÓN PERMISOS, LICENZAS, VACACIONES OBRADOIRO]"; "12/11/16 14:34"; "Concesión de permisos, licenzas ou vacacionés a persoal do Obradoiro de Emprego"; "268/2016"; "PERMISOS, LICENZAS OU VACACIONES ANO 2016"; "subscripciones completas"**
- "DECRETO 2016-1646 [RESOLUCION NOTIFICADORES]"; "11/11/16 22:39"; "RESOLUCION ELECCIONS AUTONOMICAS"; "289/2016"; "Eleccións autonómicas 2016"; "subscripciones completas"**
- "DECRETO 2016-1645 [Resolución anticipo nómina mes de novembro de Bruno Benítez García]"; "11/11/16 19:45"; "Solicitud de anticipo da nómina do mes de novembro do traballador Bruno Benítez García"; "1004/2016"; "ANTICIPO NÓMINA NOVEMBRO BRUNO BENÍTEZ GARCÍA"; "subscripciones completas"**



"DECRETO 2016-1644 [Resolución de Alcaldía (desfavorable)]";"11/11/16 13:43";"CONSUMO ELECTR.XULLO-AGOSTO/16 (TUI) (desfav)";"483/2016";"Aprobación facturas. Relación 199.Más facturas recib. AGOSTO/16";"subscricóns completa"

"DECRETO 2016-1643 [Resolución de Alcaldía (desfavorable)]";"11/11/16 13:43";"Aprobación de Facturas.Relación 197. Axuda domicilio xullo (desfav)";"501/2016";"Aprobación de Facturas. Relación 197. Axuda domicilio xullo";"subscricóns completa"

"DECRETO 2016-1642 [Resolución de Alcaldía (desfavorable)]";"11/11/16 13:42";"Aprobación de Facturas.Relación 200. Consumo electr.xul-agosto/16 TUI (desfav.)";"930/2016";"Aprobación de Facturas. Relación 200. Consumo electr.xul-agosto/16 TUI";"subscricóns completa"

"DECRETO 2016-1641 [Resolución de Alcaldía (desfavorable)]";"11/11/16 13:42";"Aprobación de Facturas. Relación 198. Recibidas agosto, pend.mod.orz.18/2016 (desfav.)";"802/2016";"Aprobación de Facturas. Relación 198. Recibidas agosto, pend.mod.orz.18/2016";"subscricóns completa"

"DECRETO 2016-1640 [RESOLUCION ORDEN DE EXECUCIÓN]";"11/11/16 13:41";"RESOLUCIÓN ORDE DE EXECUCIÓN";"398/2016";"D1 Orde de ejecución";"subscricóns completa"

"DECRETO 2016-1639 [RESOLUCION DE ARQUIVO]";"11/11/16 13:40";"RESOLUCION";"743/2016";"AIX Comunicación previa de Cambio de Titularidade de Actividade";"subscricóns completa"

"DECRETO 2016-1638 [TOMA DE RAZON]";"11/11/16 13:36";"TOMA DE RAZON";"100/2016";"Comunicación Previa de Obra";"subscricóns completa"

"DECRETO 2016-1637 [Convocatoria Xunta de Voceiros]";"11/11/16 13:17";"Convocatoria Xunta de Voceiros Nov."; "XP/2016/1";"Convocatoria de Xunta de portavoces";"subscricóns completa"

"DECRETO 2016-1636 [Resolución de Alcaldía (favorable)]";"11/11/16 10:31";"APROBACION ANTICIPOS PERSONAL (RELACION 201)";"993/2016";"Anticipos persoal (relación 201)";"subscricóns completa"

"DECRETO 2016-1635 [resolución alcaldía modificación orzamentaria 19/16 (ampliación crédito anticipos persoal)]";"11/11/16 8:27";"resolución alcaldía modificación orzamentaria 19/16 (ampliación crédito anticipos persoal)";"970/2016";"Modificación orzamentaria nº 19/16 (ampliación crédito anticipos persoal)";"subscricóns completa"

"DECRETO 2016-1634 [Resolución expte]";"10/11/16 14:03";"Resolución expte. 451/2016";"451/2016";"Determinación da existencia de terceiros de boa fe en procedemento demolición vivenda Rebeca Fdez. Prieto. 126/16";"subscricóns completa"

"DECRETO 2016-1633 [RESOLUCION DEVOLUCION TAXA]";"10/11/16 13:21";"resolución devolución tasa escolas deportivas (Ixem Lemos Pérez)";"971/2016";"DEVOLUCION TASA ESCUELAS DEPORTIVAS IXEM LEMOS PEREZ";"subscricóns completa"



Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125

C O N C E L L O
D E
G O N D O M A R
(Pontevedra)

- "DECRETO 2016-1632** [12097 744.16 toma razón comunic.previa para actividade SUC]";"10/11/16 11:31";"RESOLUCIÓN DA TOMA DE RAZÓN";"744/2016";"AVII Comunicación Previa de Obra";"subscricóns completa"
- "DECRETO 2016-1631** [resolución]";"10/11/16 11:08";"RESOLUCIÓN ORDE DE EXECUCIÓN";"398/2016";"D1 Orde de execución";"cancelado"
- "DECRETO 2016-1630** [Resolución de Alcaldía (desfavorable)]";"9/11/16 22:58";"Aprobación de Facturas. Relación 194. Nacoes (desfav)";"596/2016";"Aprobación de Facturas. Relación 194. Nacoes Produccións";"subscricóns completa"
- "DECRETO 2016-1629** [PLUSVALIA PRORROGA 944]";"9/11/16 17:48";"PLUSVALIA PRORROGA 944 CARLOS COTOVAD CASTRO";"944/2016";"Liquidación IVTNU (Carlos Cotovad Castro)";"subscricóns completa"
- "DECRETO 2016-1628** [041116, plan de saúde San Roque]";"9/11/16 17:46";"plan saúde san Roque";"559/2016";"execución muros de manpostería en San Roque e Gonda, 28/15";"subscricóns completa"
- "DECRETO 2016-1627** [Resolución de Alcaldía plusvalía 943]";"9/11/16 17:46";"PLUSVALIA EXPT 943-MANUEL VILLAMARÍN VILA";"943/2016";"Liquidación IVTNU (Manuel Villamarín Vila)";"subscricóns completa"
- "DECRETO 2016-1626** [110816 exp. 12.03.467.16 medidas cautelares bugus a pasaxe]";"9/11/16 9:55";"RESOLUCION";"467/2016";"D3 Expediente de reposición da legalidade";"subscricóns completa"
- "DECRETO 2016-1625** [Resolución protección datos]";"8/11/16 20:19";"Resolución creación, modificación, supresión de ficheiros de datos de carácter persoal";"625/2016";"[Creación/Modificación/Supresión] de Ficheros de Datos de Carácter Personal.>";"subscricóns completa"
- "DECRETO 2016-1624** [Resolución de Alcaldía]";"8/11/16 20:17";"Aprobación facturas, relación 187, recib.30-31 agosto. (desfav.)";"66/2016";"Aprobación de Facturas. 30-31 agosto";"subscricóns completa"
- "DECRETO 2016-1623** [RESOLUCION APROBACION BASES E CONVOCATORIA SUBVENCIONS CULTURAIS]";"8/11/16 18:00";"RESOLUCION APROBACION BASES E CONVOCATORIA SUBVENCIONS CULTURAIS";"895/2016";"SUBVENCIONS CONCORRENCEA COMPETITIVA ANO 2016";"subscricóns completa"
- "DECRETO 2016-1622** [RESOLUCION DE REQUIRIMIENTO]";"8/11/16 17:51";"REQUIRIMENTO";"454/2016";"AXVIII Licenza de Primeira Ocupación";"subscricóns completa"
- "DECRETO 2016-1621** [RESOLUCION APROBACION BASES E CONVOCATORIA SUBVENCIONS DEPORTE]";"8/11/16 13:38";"RESOLUCION APROBACION BASES E CONVOCATORIA SUBVENCIONS DEPORTE";"895/2016";"SUBVENCIONS CONCORRENCEA COMPETITIVA ANO 2016";"subscricóns completa"



"DECRETO 2016-1620 [RESOLUCION APROBACION BASES E CONVOCATORIA SUBVENCIONS FIN SOCIAL]";"8/11/16 13:38";"RESOLUCION APROBACION BASES E CONVOCATORIA SUBVENCIONS FIN SOCIAL";"895/2016";"SUBVENCIONS CONCORRENCEA COMPETITIVA ANO 2016";"subscricóns completa"

"DECRETO 2016-1619 [110816 exp. 12.03.467.16 medidas cautelares bugus a pasaxe]";"8/11/16 10:13";"Resolución medidas cautelares";"467/2016";"D3 Expediente de reposición da legalidade";"cancelado"

"DECRETO 2016-1618 [110816 exp. 12.03.467.16 medidas cautelares bugus a pasaxe]";"8/11/16 9:38";"Resolución medidas cautelares Bugus A Pasaxe";"467/2016";"D3 Expediente de reposición da legalidade";"cancelado"

"DECRETO 2016-1617 [TOMA DE RAZON]";"8/11/16 9:33";"AUTORIZACION";"746/2016";"AVII Comunicación Previa de Obra";"subscricóns completa"

"DECRETO 2016-1616 [Resolución de Alcaldía modificación 18-16]";"8/11/16 8:02";"MODIFICACION CREDITO 18/16 (TRANSFERENCIA CREDITO GASTOS SEN CREDITO)";"903/2016";"Modificación orzamentaria nº 18/16 (gastos sen crédito)";"subscricóns completa"

"DECRETO 2016-1615 [resolución alcaldía Acta comedor 6º RESOLUCION 2016-2017]";"8/11/16 8:01";"CONCESION AXUDAS COMEDOR ESCOLAR 6º RESOLUCION (ACTA 20/10/16)";"14/2016";"COMEDOR ESCOLAR 2016-2017";"subscricóns completa"

"DECRETO 2016-1614 [DECRETO 2016 AMORTIZACION PRESTAMO BBVA [(favorable)]]";"8/11/16 7:59";"AMORTIZACION PRESTAMO BBVA 75950";"798/2016";"PRESTAMO BBVA 75950 (RELACION190)";"subscricóns completa"

"DECRETO 2016-1613 [DECRETO 2016 AMORTIZACION PRESTAMO BBVA [(favorable)]]";"8/11/16 7:58";"AMORTIZACION PRESTAMO BBVA 53803";"797/2016";"PRESTAMO BBVA 53803 (RELACION 189)";"subscricóns completa"

"DECRETO 2016-1612 [RESOLUCIÓN PERMISOS, LICENZAS, VACACIÓN FUNCIONARIOS]";"7/11/16 20:35";"Concesión ou denegación de permisos, licenzas ou vacacións a persoal funcionario do Concello";"268/2016";"PERMISOS, LICENZAS OU VACACIÓN ANO 2016";"subscricóns completa"

"DECRETO 2016-1611 [RESOLUCIÓN PERMISOS, LICENZAS, VACACIÓN LABORAIS]";"7/11/16 13:37";"Modificación resolución de concesión de permisos a persoal laboral por ilexibilidade do documento";"268/2016";"PERMISOS, LICENZAS OU VACACIÓN ANO 2016";"subscricóns completa"

"DECRETO 2016-1610 [Resolución de Alcaldía (favorable) 907-16]";"7/11/16 13:35";"Anuncio Doga Delimitación do ámbito do núcleo rural de Penalba (relación 195)";"907/2016";"Anuncio Doga Delimitación do ámbito do núcleo rural de Penalba (relación 195)";"subscricóns completa"

"DECRETO 2016-1609 [Resolución de Alcaldía (favorable) 908-16]";"7/11/16 13:35";"Anuncio Doga Delimitación do ámbito do núcleo rural de San Roque (Relación



196)";"908/2016";"Anuncio Doga Delimitación do ámbito do núcleo rural de San Roque (Relación 196)";"subscricóns completa"

"DECRETO 2016-1608 [resolución anticipo nomina paga extra decembro M^a Carmen Rodríguez Pérez]";"7/11/16 13:35";"Solicitud de anticipo da paga extra de decembro da traballadora M^a Carmen Rodríguez Pérez";"223/2016";"Ficha de Empregado M^a Carmen Rodríguez Pérez";"subscricóns completa"

"DECRETO 2016-1607 [071116 cpm]";"5/11/16 14:41";"c.paritaria mixta 7.11.16";"886/2016";"comisión paritaria mixta 7.11.16";"subscricóns completa"

"DECRETO 2016-1606 [Xulgado]";"5/11/16 13:18";"Nomeamento avogada e procuradora en procedemento ordinario 533/2016 do Xdo. de Primeira Instancia e Instrucción n.^o 9 de Vigo.";"885/2016";"Procedemento ordinario 533/2016. Xdo. Primeira Instacia n.^o 9 de Vigo. Adela Dorinda Couto González";"subscricóns completa"

"DECRETO 2016-1605 [RESOLUCIÓN PERMISOS, LICENZAS, VACACIÓN S LABORAIS]";"5/11/16 13:17";"Resolución permisos, licenzas e vacacións de persoal laboral";"268/2016";"PERMISOS, LICENZAS OU VACACIÓN S ANO 2016";"subscricóns completa"

"DECRETO 2016-1604 [RESOLUCION TOMA DE RAZON]";"4/11/16 14:19";"TOMA DE RAZON";"87/2016";"Comunicación Previa de Obra";"subscricóns completa"

"DECRETO 2016-1603 [MEDIDAS CAUTELARES 28.10.2016]";"4/11/16 14:16";"Resolución medidas cautelares";"467/2016";"D3 Expediente de reposición da legalidade";"cancelado"

"DECRETO 2016-1602 [Resolución da Alcaldía pax57.16 Adquisición lavadora]";"4/11/16 10:43";"EMERXENCIA SOCIAL PAX 57/16 ADQUISICION LAVADORA";"871/2016";"Emerxencia social Santiago Martínez Puime (PAX 57/16) Gondomar)";"subscricóns completa"

"DECRETO 2016-1601 [Resolución da Alcaldía pax 56.16 MATERIAL ESCOLAR]";"4/11/16 9:28";"EMERXENCIA SOCIAL PAX 56/16";"870/2016";"Emerxencia social material escolar -Diana Alexandra Silva Almeida (PAX 56/16)";"subscricóns completa"

"DECRETO 2016-1600 [Resolución de Alcaldía (desfavorable)]";"4/11/16 9:26";"Aprobación de Facturas. Relación 159. Delia Prado Figueroa (DESFAV.)";"294/2016";"Aprobación de Facturas. Relación 159. Delia Prado Figueroa";"subscricóns completa"

"DECRETO 2016-1599 [Resolución de Alcaldía (desfavorable)]";"4/11/16 9:26";"Aprobación facturas. Relación 184. Fact. recib. ago/16 con reparo";"721/2016";"Aprobación de Facturas. Relación 184. Fact.recib.AGO/16 CON REPARO";"subscricóns completa"

"DECRETO 2016-1598 [Resolución da Alcaldía pax 55.16 ALQUILER]";"4/11/16 0:58";"EMERXENCIA SOCIAL PAX 55/16";"869/2016";"Emerxencia social Ignacio Puga Veiga(PAX 55/16)";"subscricóns completa"

"DECRETO 2016-1597 [Resolución da Alcaldía pax 54.16 ALIMENTOS NOVEMBRO]";"4/11/16 0:58";"EMERXENCIA SOCIAL-PAX 54/16 ADQUISICION ALIMENTOS";"863/2016";"Emerxencia social Adquisición Alimentos novembro (PAX 54/16)";"subscricóns completa"



"DECRETO 2016-1596 [Resolución de Alcaldía (desfavorable)];"2/11/16 23:18";"Aprobación de Facturas. Relación 192. Fact.Elect.JUL/16 Servicios (DESFAV)";"799/2016";"Aprobación de Facturas. Relación 192. Fact.Elect.JUL/16 (servicios)";"subscrípciones completa"

"DECRETO 2016-1595 [Resolución de Alcaldía (desfavorable)];"2/11/16 23:18";"Aprobación de Facturas. Relación 191. Facturac.electr.ag/16 Servicios (DESFAV)";"801/2016";"Aprobación de Facturas. Relación 191. Facturac.electr.ag/16 (Servicios)";"subscrípciones completa"

"DECRETO 2016-1594 [Resolución de Alcaldía (desfavorable)];"2/11/16 23:17";"Aprobación de Facturas. Relación 193. Gas gardería (DESFAV)";"800/2016";"Aprobación de Facturas. Relación 193. Gas gardería";"subscrípciones completa"

"DECRETO 2016-1593 [Resolución adhesión convenio residuos elect]";"2/11/16 23:17";"Adhesión convenio marco recollida aparellos eletricos e eletronica";"599/2016";"Convenio marco de adhesión en materia de gestión de

"DECRETO 2016-1592 [TOMA DE RAZON]";"2/11/16 13:43";"REQUIRIMENTO";"97/2016";"Comunicación Previa de Obra";"subscrípciones completa"

"DECRETO 2016-1591 [RESOLUCION DE REQUIRIMIENTO]";"2/11/16 13:42";"REQUIRIMENTO";"478/2016";"AVI Comunicación Previa de Actividade";"subscrípciones completa"

"DECRETO 2016-1590 [RESOLUCION DE REQUIRIMIENTO]";"2/11/16 11:02";"REQUIRIMENTO";"750/2016";"AVII Comunicación Previa de Obra";"subscrípciones completa"

"DECRETO 2016-1589 [103116 exp. 11064.454.16 cambio titularidade de obras]";"2/11/16 10:55";"Resolución de toma de razón cambio titularidade";"454/2016";"AXVIII Licenza de Primeira Ocupación";"subscrípciones completa"

"DECRETO 2016-1588 [103116 exp. 01P.16.587.16 resolución nova exposición pública]";"2/11/16 10:54";"RESOLUCION DELIMITACION N.R. SAN ROQUE";"587/2016";"U1 Delimitación de solo de núcleo rural";"subscrípciones completa"

"DECRETO 2016-1587 [311016, plan de saúde rúa emigrante]";"31/10/16 14:33";"aprobación plan de coordinación rúa emigrante entre ángel urzaiz e rúa levada do beco";"822/2016";"reforma rúa emigrante entre rúa ángel de urzais e a rúa levada do beco 21/15";"subscrípciones completa"

"DECRETO 2016-1586 [Decreto da convocatoria]";"31/10/16 14:13";"Convocatoria XGL 02.11.2016";"XGL/2016/2";"Convocatoria de Xunta do Goberno Local";"subscrípciones completa"

"DECRETO 2016-1585 [RESOLUCION NOVO PERIODO DE INFORMACION PUBLICA 28.10.16]";"28/10/16 16:13";"resolución delimitación núcleopenalba";"586/2016";"U1 Delimitación de solo de núcleo rural";"subscrípciones completa"

"DECRETO 2016-1584 [Decreto da convocatoria]";"28/10/16 14:43";"Convocatoria Pleno 13-16";"PLN/2016/6";"Convocatoria de El Pleno";"subscrípciones completa"



"DECRETO 2016-1583 [EXECUCION FORZOSA. SUSPENSION E ORDE DE DEMOLICION 28.10.2016]"; "28/10/16 13:58"; "RESOLUCION EXECUCION FORZOSA"; "788/2016"; "D3 Expediente de reposición da legalidade"; "subscricións completa"

"DECRETO 2016-1582 [RESOLUCION DE REQUIRIMIENTO]"; "28/10/16 13:57"; "REQUIRIMENTO"; "791/2016"; "AXVI Licenza de obra"; "subscricións completa"

"DECRETO 2016-1581 [TOMA DE RAZON]"; "28/10/16 13:52"; "TOMA DE RAZON"; "321/2016"; "AVII Comunicación Previa de Obra"; "subscricións completa"

"DECRETO 2016-1580 [resolución bosque de ribeira16]"; "28/10/16 11:14"; "resolución bosque ribeira 112/15"; "19/2016"; "Recuperación e posta en valor do bosque da ribeira do río miñor . Expdte.-112/15"; "subscricóns completa"

"DECRETO 2016-1579 [Resolución de Alcaldía RECLAMACION PATRIMONIAL ALEJANDRO TOMBILLA EX.96/14. Relación 185]"; "28/10/16 11:02"; "RECLAMACION PATRIMONIAL ALEJANDRO TOMBILLA EX.96/14. Relación 185"; "757/2016"; "RECLAMACION PATRIMONIAL ALEJANDRO TOMBILLA EX.96/14. Relación 185"; "subscricóns completa"

"DECRETO 2016-1578 [padróns taxas resolución]"; "28/10/16 10:33"; "padrón taxas 2016"; "668/2016"; ".Procedemento Xenérico (Recadación)"; "subscricóns completa"

"DECRETO 2016-1577 [RESOLUCIÓN NÓMINA OUTUBRO]"; "28/10/16 0:45"; "Relación de nóminas do mes de outubro dos empregados públicos"; "469/2016"; "NÓMINA OUTUBRO"; "subscricóns completa"

"DECRETO 2016-1576 [Resolución de Alcaldía (favorable)-1]"; "28/10/16 0:43"; "ACHEGA MANCOMUNIDADE DA ÁREA INTERMUNICIPAL DE VIGO 2016 (RELACION 186)"; "775/2016"; "MANCOMUNIDADE DA ÁREA INTERMUNICIPAL DE VIGO"; "subscricóns completa"

"DECRETO 2016-1575 [Resolución de Alcaldía (favorable)]"; "28/10/16 0:40"; "Aprobación de Facturas. Relación 178. P.P. facturas recib. AGO/16"; "706/2016"; "Aprobación de Facturas. Relación 178. P.P. facturas recib. AGO/16"; "subscricóns completa"

"DECRETO 2016-1574 [RESOLUCION DE REQUIRIMIENTO]"; "27/10/16 10:38"; "RESOLUCION REQUIMIENTO"; "718/2016"; "AVII Comunicación Previa de Obra"; "subscricóns completa"

"DECRETO 2016-1573 [RESOLUCION DE REQUIRIMIENTO]"; "27/10/16 10:37"; "REQUIRIMENTO"; "701/2016"; "AXVI Licenza de obra"; "subscricóns completa"

"DECRETO 2016-1572 [RESOLUCION DE REQUIRIMIENTO]"; "27/10/16 10:30"; "REQUIRIMENTO"; "630/2016"; "AVII Comunicación Previa de Obra"; "subscricóns completa"

"DECRETO 2016-1571 [RESOLUCION INCOAC.SANCIONADOR 26.10.16]"; "27/10/16 9:49"; "RESOLUCION INCOAC. SANCIONADOR"; "665/2016"; "D3 Expediente de reposición da legalidade"; "subscricóns completa"

O Pleno da Corporación Municipal queda informado.



Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125

CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

5.- Mocións

Sra. Salgueiro: Desculpe, e que na convocatoria do Pleno non figuran en ningún momento mocións, está convocado como ordinario pero realmente é que non figuran.

Sr. Alcalde: Non , non sei.

Sra. Salgueiro: A convocatoria é da sede electrónica pero de todos modos non figura o apartado mocións.

Sr. Alcalde: A ver, dime o Sr. Secretario que obviamente ou doulle a palabra si..consideran que se trata dun erro ¿non? se trata dunha aplicación nova que sae así, e que mocións que están presentadas e que se poden debater e demais. Eu, si vostedes o consideran, que queden as mocións enriba da mesa pois quedan pero eu non lle miro ningún inconveniente en...que se debatan, ¿si Sra. Durán?

Sra. Durán: Grazas Alcalde, moi boas tardes a todas e a todos, simplemente indicarlle que na sede electrónica soamente hai unha que é a que presenta o Sr. Araúxo Quintas, relativa a Declaración dos Petróglifos Galegos como Patrimonio da Humanidade, e que no resto non podemos manifestarnos porque non as coñecemos.

Sr. Alcalde: A ver, dime o Sr. Secretario, que aquí a única moción que estaba presentada antes do luns, que era a do Sr. Araúxo, antes do venres perdón e a Sra. Varela presentounas..¿cando as presentou vostede Sra. Varela?

Sra. Varela: Eu presentei as mocións o luns, bueno primeiro intenteinas presentar en papel e non puiden, presenteinas de forma electrónica e chamei e me dixeron que estaban mal presentadas, volvinas a presentar outra vez e me confirmaron que estaban ben presentadas e eu estiven buscando tamén na sede electrónica e so atopei unha das que presentei eu, non sei si están noutro sitio pero aparece a de Araúxo e unha das catro que presentei.

Sr. Alcalde: Bueno a ver, como ben saben, estamos coa implantación da administración electrónica, con todo o programa, con toda a normalización do funcionamento e dos funcionarios e pode tratarse dalgún erro e dime o Secretario que ao marxe de que estean presentadas despois da convocatoria do Pleno, que é o caso, porque xa estaba convocado o Pleno o luns cando presentou vostede, que tampouco habería, non hai ningún inconveniente e sometémolas como mocións si lle parece, pero non as teñen vostedes aí pero pode si quiere lelas e.....

Sra. Durán: Perdón Alcalde, con todos os respectos a compañeira Sra. Varela, pero nos non imos a decidir un voto por lela agora no momento.

Sr. Alcalde: Pero pode presentalas incluso de viva voz e que as presente...

Sra. Durán: Non sei si me está entendendo, e que eu non sei cal é, non sabemos cal é o contido desas mocións polo tanto non imos decidir agora porque a lea, decidir un voto así alegremente.

Sr. Alcalde: Sra. Varela vostede pode presentar as mocións de viva voz neste mesmo momento, si quiere non ten porque presentalas por escrito, pode presentalas aquí e por urxencia se someten a urgencia e se debaten, non ten porque ter copia ningunha das súas mocións, se poden presentar dessa maneira, si considera que é así oportuno presentalas, eu non teño ningún inconveniente.

Sra. Varela: Imos ver, eu presentei as mocións o luns, antes das 13:00 horas que é normalmente cando se presentan, antes da Comisión Informativa, que neste caso non houbo porque había Comisión de Facenda, pero que é digamos o acordo que hai na Corporación para



presentar as mociones. As presento, unha destas mociones ademais a traio para que se cumpran os prazos dunha subvención polo tanto non pode quedar enriba da mesa e para a próxima sesión. Tamén por outro lado entendo aos compañeiros da oposición que digan que non queren votar unha moción, que non tiveran tempo para estudar, polo tanto eu creo que ten que asumir vostede a culpa e a verdade, non sei eu vounas a presentar igual, pero e que unha vez mais outra mostra, e que cada punto é peor que o anterior Sr. Alcalde.

Sr. Alcalde: Si, mire voulle dar a palabra ao Secretario porque ao final.....xa saben vustedes o que pasa.

Sr. Secretario: Ben en relación ao tema das mociones, aquí hai unha práctica habitual que é que se presentan as mociones previamente á convocatoria de tal maneira que non se ten que ratificar a urgencia pola mayoría absoluta do número legal de membros da corporación, eu no seu momento, no 2014, 2015 xa fixen un informe facendo referencia a que entendía que era unha práctica irregular. As mociones se teñen que presentar ao rematar a orde do día e ratificar a urgencia pola mayoría legal de membros, se debaten e se votan. Ben, neste caso continuando coa práctica habitual que hai no Concello, o venres prodúcese a convocatoria, o venres simplemente hai unha moción presentada que é a que se inclúe de acordo coa práctica habitual do Concello e o luns preséntanse catro mociones más. A norma habitual é que o luns haxa Comisións Informativas, neste caso non houbo Comisión Informativa, co cal non se poden incluir esas mociones na orde do día, simplemente porque non estaban presentadas antes da convocatoria, a partir de aí a concelleira ten liberdade absoluta para presentar a moción agora, que se debata e que se vote. Nada mais. Grazas.

Sr. Alcalde: Grazas Sr. Secretario. ¿si, Sra. Varela?

Sra. Varela: É que teño unha dúbida ¿cómo ía saber eu que se ía convocar? Me chega a convocatoria o venres e non podía prever que a convocatoria ía a chegar o venres para presentar as mociones antes, se normalmente non se convocan ata despois da Comisión, claro que normalmente se convocan o luns ou o martes os Plenos, era imposible de prever iso

Sr. Villar: Desculpe, aparte tiña entendido que temos dous días previos ao Pleno para entregar as mociones, non che era así ¿é unha dúbida? Digo si as mociones presentáronse o luns sendo con 48 horas de antelación ao Pleno.

Sr. Alcalde: A ver, a ver si nos entendemos porque é difícil, eu tamén quero que entendan unha cousa, eu presido o Pleno pero non son quien de, para iso hai un Secretario Municipal que é o que articula o procedemento. A convocatoria do Pleno faiase o venres, se convoca o Pleno, entón o Secretario Municipal entende que todas aquellas mociones que se presentan despois da convocatoria do Pleno non poden obviamente aparecer na convocatoria do Pleno porque o Pleno convocouse antes, entón se recolle a única moción que había presentada antes da convocatoria, a partir de aí estas mociones tráense a Pleno pero temos que sometelas a urgencia, a urgencia do Pleno e iso é o que me di, o que me di non , o que nos di o Secretario Municipal.

Sra. Varela: Pero entón ¿por qué unha das mociones que presentei eu está na sede electrónica e o resto non? e ¿ por qué cando eu chamei por teléfono me dixerón que tiña todo o luns, ata ás doce da noite do luns, para presentar as mociones?

Sr. Alcalde: Pois non o sei porque lle dixerón iso. A ver, eu sei que podo asumila responsabilidade de todo o Concello e que son o culpable do que lle poida haber dito nun momento dado un funcionario de secretaría, do que sexa o asumo, pero non lle podo contestar

Sr. Villar: Pero Sr. Alcalde, e que segundo a explicación legal que acabamos de escuchar ¿por qué entra unha e o resto non?

Sr. Alcalde: Estoulle dicindo que non o sei

Sr. Villar: Si legalmente xa non entraría ningunha porque non se pode ¿non?

Sr. Alcalde: Non o sei. A ver, eu non estou...



Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125

C O N C E L L O
D E
GONDOMAR
(Pontevedra)

Sr. Villar: Se pode unha, poden ás catro, as catro ou ningunha, entendo eu, si legalmente é así

Sr. Alcalde: Eu esa...eu o que podo facer, esa pregunta que me traslada vostede, trasladarlla ao Secretario Municipal, si el sabe contestarmo pode contestarma, porque eu o funcionamento, non é por desviarlle a responsabilidade, non o sei.

Sr. Secretario: Descoñezo exactamente porque se incluíu unha moción o luns dentro da documentación da convocatoria porque o caso non sería o mais correcto, o derradeiro día da convocatoria, ou sexa ata o derradeiro día da convocatoria poderíanse incluír mocións, a partir de aí non sería correcto que é a práctica habitual, aparte que se ben desenrolando neste Concello, o que pasa é que houbo un cambio que é que o Pleno se convoca o venres e non o luns, ao mellor ese tema se tería que haber avisado aos grupos políticos, xa é unha cuestión que trascende ao tema das convocatorias

Sr. Alcalde: Bueno para....¿si Sra. Durán?

Sra. Durán: Grazas, lmos ver, en relación co tema da notificación que di que é un formulario, que así está, na plataforma. Eu si leo esta notificación e non vexo que hai mocións nun apartado non teño porque ler o expediente e buscar nin unha soa moción, si abrín absolutamente todas as resolucións e me atopo, alí mesturada, unha moción porque nin sequera van por unha orde, e me atopei esa moción, pero con esta convocatoria e que non tería por qué esperar que hoxe se debatera aquí algúna moción, entendo que todo isto é mellorable, hai que modificalo, e non podemos vir, non sei si me explico, na parte relacionada co expediente hai que ir pinchando carpetiña a carpetiña, si un é un concelleiro ou concelleira intelixente e abre para ler as resolucións que ditou o Alcalde, que como foron poucas ademais estas derradeiras, foron poucas en todo un mes, vas abrindo carpeta a carpeta e de súpito ves moción, pero si aquí non me aparece ningún apartado que diga mocións e eu non quero ler as resolucións que asinou o Alcalde, chego aquí e o único que vou dicir é que non hai mocións presentadas nin antes nin despois da convocatoria, nin antes nin despois, e lle vou dicir outra cousa, efectivamente o feito de que este Goberno non respecte os prazos e os días que se teñen sinalados dalgunha maneira como que os Concelleiros da oposición esperamos as convocatorias dos órganos colexiados, como aquí o fan cando lles peta, pois ocorre o que acaba de dicir a Sra. Varela, cómo fa saber ela que o venres estaba convocado, cando o normal é que se nos convoque para o Pleno despois da Comisión de Asuntos do Pleno, pero aquí como o adiantaron, claro, pero lmos ver, o que non pode vir agora, cos debidos respectos, e que diga o Sr. Secretario, e as que non entren antes da convocatoria, teñen que vir vostedes aquí e sometelas a urxencia ¿por qué, por qué? E que por qué temos agora que tomar aquí nun momento, nun minuto, ou dous minutos ou cinco o que tarde a Sra. Varela en ler as súas mocións e ter que decidir que voto, pois ao mellor

Sr. Alcalde: Se considera que é lei iso, si pida a palabra.

Sra. Durán: Pero volvo a dicir o mesmo, aquí nesta convocatoria non está ben feita, e que xa son demasiados Plenos con demasiados errores, responsabilidade eu aquí non lle vou botar a responsabilidade a ningún funcionario nin funcionaria do Concello, aquí o que vostede ten que asumir é que os departamentos funcionen, e si se admite que hai un erro na notificación e que nesta plataforma pois non hai un apartado onde se mencionan as mocións, pois terán que adaptalo, nin mais ni menos, porque isto ao final o que nos está xerando a todos é unha situación dunha indefensión que chegas aquí e veña, si, si, si por suposto

Sr. Secretario: So aclarar unha cousa, en relación coas mocións, a definición legal que se da no artigo 97 do R.O.F. son propostas de acordo que se presentan os asuntos incluídos na orde do día, se presentan por razóns de urxencia, co cal, si se presentan por razóns de urxencia, o mais lóxico é que non estean incluídos previamente na documentación, todo isto sen prexuízo da práctica habitual que se fai neste Concello

Sra. Durán: Perdón Sr. Secretario, efectivamente vostede mesmo acaba de dicilo, sen prexuízo da práctica habitual, e que aquí cada mes hai unha práctica disinta, ese é o problema.



Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125

CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

Sr. Alcalde: A ver Sra. Durán para rematar, a ver si nos aclaramos, si me aclaro, en todo caso para que non se sinta.....Como ben saben, eu non quero eludir responsabilidades para nada, pero sabe que o funcionamento e o asesoramento xurídico do Concello pois obviamente recae sobre o Secretario Municipal, como tamén moitas veces informa de moitas cuestións que a min non me gustan pero sen embargo teño que tamén asumir ¿non? cando se fala de procedemento legal en convocatorias, notificacións, acceso a expedientes e todo iso pois secretaría, o Secretario é quen o final dirixe ese..e di como se fai legalmente o proceso. No momento que se fai a convocatoria do Pleno que a facemos, a vostede se lle convoca pola plataforma e de maneira, en papel para aclaralo, das dúas maneiras porque aquí hai que recoñecer que o día 3 de outubro entrou a implantación da sede electrónica, por si moitos non o saben, e agora todo isto ten que se a través de forma telemática, entón levamos praticamente con isto un mes, o fai hoxe ou o que sexa, se están notificando os plenos de maneira telemática e ao mesmo tempo en papel, o acceso tamén é pola plataforma pero tamén ten acceso a través do expediente, da documentación onde o pode ler alí como ata agora, entón si se me di, a notificación foi feita para o Pleno o venres ¿vale? pois a partires de aí as mociones que se presenten o luns, por poñer un exemplo, poden presentalas pero entrarían por urxencia e habería que xustificar a urxencia, iso é o que me di de que se debe de facer o procedemento, entón de principio, de principio eu digo, e esas mociones que entran o luns van ao expediente, deberían de ir ao expediente telemático e ao expediente en papel, entendo eu que é como ten que estar, pero volvo a dicir, a custodia do expediente tamén está na secretaría, entón onde lle miro eu, onde non lle encontro eu razón pois ao que di vostede, si que aí pois non pode traballar ou non pode valorar a moción con antelación ¿non? si quiere, pero agora as mociones da Sra. Varela se van a debater, se van a votar, se van todo polo procedemento de urxencia, se xustifica a urxencia, se vota, lee a moción, entón se vai ler aquí e se vai expoñer, se vai xustificar e argumentar polo tanto todos imos a escutar o que propón e tomar unha decisión, votar a prol, absterse ou o que sexa, e iso creo que non implica ningunha vulneración de dereitos, nin moito menos porque se vai debater aquí, entón a marxe de todo iso Sra. Varela eu so lle digo que bueno estamos en ese mes da implantación da sede electrónica, das tarxetas dixitais e do procedemento este da nova lei, secretaría, nin lle quero quitar tampouco responsabilidade ao Alcalde, neste caso, pero quero que sexa tamén consciente de que non se vai coartar ningún tipo de derecho e menos que as súas mociones non sexan tratadas aquí e nos ímosllas aprobar a urxencia e as mociones tamén, xa llo digo, porque as compartimos, si, si porque xa as lin e me parece correcto, claro, pero a vostedes vaillas a ler, entón ¿cál é o problema? É como si presentara unha moción agora. Bueno, entón vostede ten a derradeira palabra para decidir. ¿Si, Sr. Villar?

Sr. Villar: Bueno, entendendo que nos obviamente queremos que ás nosas mociones se aprobe a urxencia e se aprobe o seu contido, suxiro igual como medida un pouco que quede contento todo o mundo que teñamos un mínimo receso si se pode ou teñamos un pouco de, que lle dea tempo polo menos a ter as mociones para poder lelas, porque senón obviamente votarán en contra.

Sr. Alcalde: Eu si, si queren un receso non hai ningún problema para que falen os....

Sr. Villar: Que lles dea tempo a ler as mociones a todo o mundo

Sr. Alcalde: Vostede pídemle un receso e eu concéddolle o receso para que fale cos grupos políticos sen problema de cinco minutos.

(...)

Sr. Alcalde: Bueno, damos comezo, continuamos co desenrollo do Pleno, ¿estamos todos? Si pois bueno.



Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125

CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

Mocións

5.a. Moción presentada en data 27.10.2016 polo Tenente Alcalde D. Xosé Antonio Araúxo Quintas do Grupo Municipal Maníesto Miñor, relativa á DECLARACIÓN DOS PETRÓGLIFOS GALEGOS COMO PATRIMONIO DA HUMANIDADE

Defende esta moción o Tenente Alcalde D. Xosé Antonio Araúxo Quintas

MOCIÓN : DECLARACIÓN DOS PETROGLIFOS GALEGOS COMO PATRIMONIO DA HUMANIDADE

Sr. Araúxo: Grazas Alcalde, eu teño que confesar que non entendo nada da administración electrónica, que me resulta complicado entendela e recoñezo aquí publicamente a miña ignorancia sobre este asunto, por iso é que esta moción presenteína por papel, levei a fotocopia, logo fun a administración electrónica pero aínda así como non me fiaba, fun ao expediente en papel, a fotocopia lo expediente como fixen sempre ¿non? pero insisto é a miña ignorancia ou desconfianza como queiran chamarlle. En fin, este é o primeiro Pleno convocado por este sistema e supón que haberá moitos erros aínda que ir corrixindo. Ben esta moción que todos supón que teñen, ten que ver cun patrimonio importante que temos no país, e en Gondomar especialmente, que son as gravaduras en pedra, os petróglifos que aínda que efectivamente hai unha Lei que os protexe e que aparentemente debería de ser suficiente para protexelos, a realidade é que non está servindo para moito porque están sendo estragados con lume, con reforestacións improprias, con tarefas agrícolas incluso ou simplemente polo abandono das institucións, tamén hai que dicilo, e isto deu lugar a que por primeira vez no noso país pois un grupo de especialistas preocupados pola.....arqueólogos, historiadores, antropólogos, etc. pois se preocuparan desto e lanzaran unha especie de manifesto por este material histórico de tantísima importancia, que teñen mais de catro mil anos moitos deles, e que en Gondomar contamos por certo con algúns dos más importantes de Europa como é o caso do da Auga da Laxe en Víncios. Ben, é certo que están declarados como Bens de Interese Cultural pola propia Xunta de Galicia pero insisto o abandono en moitos deles é evidente. Ben o asunto é que, é que se cadra, imos eu estou convencido, estamos convencidos de que a mellor maneira de protexer o patrimonio é coñecendo, cando se coñece o patrimonio valorírase e polo tanto respéctase, e ás veces, pois ás veces non, sempre pasa que estas cousas son más valoradas polos de afora que polos da casa e aí vai un pouco o senso desta moción que é un chamamento que está circulando polos Concellos do país para que a Xunta de Galicia comece a tramitar, diante do organismo correspondente das Nacións Unidas, para que este tipo de gravaduras en pedra sexan declaradas Patrimonio da Humanidade, todas elas. Ben e polo tanto o que se pide ao Pleno, leo a proposta, supón que teñen todos a moción. Entón leo a proposta que é moi sinxela:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

4.000 anos de historia gravada nas pedras, tamén nas de Gondomar e do val Miñor. Os petróglifos son elementos indispensables do patrimonio cultural e arqueológico de Galiza sen os que non se podería entender parte do noso pasado. Sen embargo, o seu estado deixa moito que desexar, afectados por lumes, tarefas agrícolas ou, sinxelamente, polo abandono.

Por este motivo e por primeira vez, un grupo de especialistas formado por historiadores, arqueólogos e antropólogos elaboraron un informe no que piden a súa declaración como Patrimonio da Humanidade, precisamente, para que sexan protexidos.



Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125

CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

Unha petición que trascrivo literalmente e que o Grupo Municipal que represento fai súa propoñendo ao Pleno da Corporación Municipal a aprobación da mesma, se procede:

"As insculturas son BIC (Bens de Interese Cultural) e, en consecuencia, gozan do máximo grado de protección. En teoría o marco normativo -Lei de Patrimonio Histórico Español de 1985, Lei 8/1995, do 30 de outubro, do patrimonio cultural, e Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia- debería ser suficiente para asegurar o seu coidado e preservación. Sen embargo a realidade que nos atopamos é que unha parte considerable dos nasos gravados rupestres -incluídos algúns dos más sobranceiros como a emblemática Pedra das Ferraduras- corren un grave risco, non só de deteriorio, senón de desaparición, diante do incumprimento da normativa por parte da Xunta e de moitos concellos. No tocante á Xunta nin tan saquera ten elaborado un inventario cunha carta de riscos, despreocupándose igualmente da divulgación deste patrimonio, labor que están a facer -con poucos medios e moita vontade- diversos colectivos de afeccionados. Este abandono e desleixo pode privar non só ao pobo galega, senón a toda ciadánía en xeral do disfrute dunha das manifestacións artísticas más valiosas polo seu valor intrínseco de patrimonio cultural da humanidade.

As pinturas e gravados prehistóricos da cornisa cantábrica e más os da zona levantina gozan deste recoñecemento. O conxunto de gravados rupestres prehistóricos ao aire libre galega - con valor e entidade semellantes- atópase sen esa salvagarda, desprotexido.

A arte rupestre é a materia identitaria que mellor nos define. O repertorio de insculturas xeométricas e figurativas galegas é, sen ningunha dúbida, dos máis representativos de Europa. Esta manifestación cultural atesoura, ademais, un rico patrimonio inmaterial, de xeito que ao redor destes xacementos arqueolóxicos o pobo foi construíndo ao longo do tempo un discurso popular xenuíño que reflicte non só parte da súa cosmovisión senón tamén toda unha valiosa mostra de construcción cultural da paisaxe.

Por todas estas razón solicitamos o seu compromiso para que a Xunta de Galicia inicie xa os trámites para acadar a súa declaración como Patrimonio da Humanidade, a medida más eficaz para garantir a súa supervivencia -agora mesmo seriamente ameazada-, a súa valoración e o seu coñecemento que debe comezar na Escala.

Asinado por: Buenaventura Aparicio Casado (historiador), Antonio de la Peña Santos (arqueólogo), Rafael Quintía Pereira (Antropólogo)"

Por todo o exposto PROPOÑO a toma do seguinte acordo:

1º.- O Pleno da Corporación Municipal de Gondomar acorda apoia r a declaración dos Petróglifos de Galiza como Patrimonio da Humanidade.

2º.- Darlle tralado do mesmo ao Goberno Galego, á Consellería de Cultura, así como a todos os grupos parlamentares do Parlamento Galego.

DELIBERACIÓN

Sr. Alcalde: Grazas Sr. Araúxo, ¿intervencións? ¿ningunha?

Non producíndose ningunha outra intervención, o Sr. alcalde somete esta proposta a votación ordinaria co seguinte resultado.



Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125

**CONCELLO
DE
GONDOMAR**
(Pontevedra)

VOTACIÓN E ACORDO

O Pleno da Corporación municipal en votación ordinaria e por unanimidade dos membros presentes, acorda aprobar a Moción presentada en data 27.10.2016 polo Tenente Alcalde D. Xosé Antonio Araúxo Quintas do Grupo Municipal Manifesto Miñor, relativa á DECLARACIÓN DOS PETRÓGLIFOS GALEGOS COMO PATRIMONIO DA HUMANIDADE

5.b. Moción presentada pola Concelleira Dna. Jimena Varela Rodríguez do Grupo Municipal Gondomar Concello Aberto, relativa á SOLICITUDE DA SUBVENCIÓN DO FONDO DE COMPENSACIÓN AMBIENTAL 2017

Defende esta moción a Concelleira Dna. Jimena Varela Rodríguez que xustifica a urxencia Sra. Varela: Bueno a urxencia é porque pese a presentala nos prazos habituais, non consta no expediente.

Non producíndose ningunha outra intervención, o Sr. alcalde somete a urxencia desta moción a votación ordinaria co seguinte resultado.

VOTACIÓN E ACORDO

O Pleno da Corporación municipal en votación ordinaria e por unanimidade dos membros presentes, acorda aprobar a Urxencia da Moción presentada pola Concelleira Dna. Jimena Varela Rodríguez do Grupo Municipal Gondomar Concello Aberto, relativa á SOLICITUDE DA SUBVENCIÓN DO FONDO DE COMPENSACIÓN AMBIENTAL 2017

MOCIÓN : SOLICITUDE DA SUBVENCIÓN DO FONDO DE COMPENSACIÓN AMBIENTAL 2017

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Na xornada sobre especies exóticas invasoras impartida por Proxecto Ríos e Adega en novembro do pasado ano, detectouse que nas marxes do río Miñor do treito visitado (parque da Coelleira - cruceiro de Mañufe) existen numerosos árbores de especies invasoras como acacias, robinias, eucaliptos, entre outros.

Estes árbores non poden ser retirados, porque están axudando a estabilizar a marxe, moi erosionada pola xa práctica inexistencia de bosque autóctono de ribeira. Ademáis da pérdida de valor ecológico e paisaxístico, a eliminación da vexetación de ribeira provoca o aumento da velocidade da auga nas crecidas e polo tanto, unha maior gravidade das inundacións e riadas. O bosque axuda a recargar os acuíferos, detén as escorrentías e disminúe a necesidade de construir estruturas de control como canalizacións ou escolleras, sendo polo tanto a medida más económica e adecuada para xestionar os nosos ríos.

A finais de decembro publícanse as bases das subvencións do Fondo de Compensación Ambiental, creado polo artigo 23 da Lei 8/2009, do 22 de decembro. Segundo este precepto legal, o Fondo finanziarase cos ingresos obtidos do canon eólico e ten como obxectivo a aplicación de actuacións globais destinadas á conservación, reposición e restauración do



Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125

**CONCELLO
DE
GONDOMAR**
(Pontevedra)

ambiente e reequilibrio territorial.

Gondomar pode solicitar esta subvención na liña de concorrenza competitiva, con actuacións non superiores a 40.000€, polo que propoñemos a adopción dos seguintes acordos:

1.- Que se redacte, por unha consultaría especializada, un proxecto destinado a solicitar a subvención correspondente ao Fondo de Compensación Ambiental 2017 para Gondomar, pedindo previamente os permisos sectoriais correspondentes.

2.- Que este proxecto se centre na rexeneración do tramo que, por parte do persoal técnico, se considere máis necesario ou máis axeitado do río Miñor, cunha plantación de árbores autóctonas de bosque de ribeira que posibilite unha futura eliminación das invasoras.

3.- Que no caso de ser concedida dita subvención, se encargue a execución do mesmo a unha empresa especializada en proxectos medioambientais

DELIBERACIÓN

Sr. Varela: Bueno traio esta moción porque a pesares que a subvención non sae ata final de ano, no intre de pedila, hai que telo proxecto redactado, exposto e os permisos sectoriais concedidos, e para que poida dar tempo a traemos e ademais cunhas orientacións que xa persoal especializado nos deu en novembro do ano pasado das necesidades mais inmediatas que tiñan os nosos ríos. Nada mais.

Sr. Alcalde: Grazas Sra. Varela, ¿intervencións? Sr. Araúxo.

Sr. Araúxo: Nada, simplemente, estamos a favor da moción, obviamente, e dicirle que xa estábamos traballando en algo desto, polo menos, e foi precisamente a raíz das derradeiras actividades do Proxecto Ríos, que a propia xente do Proxecto Ríos comentou isto, e xa se está xestionando o asunto. É certo que os prazos son moi axustados pero procuraremos cumplilos. Imos votar a favor.

Non producíndose ningunha outra intervención, o Sr. alcalde somete esta moción a votación ordinaria co seguinte resultado.

VOTACIÓN E ACORDO

O Pleno da Corporación municipal en votación ordinaria e por unanimidade dos membros presentes, acorda aprobar a Moción presentada pola Concelleira Dna. Jimena Varela Rodríguez do Grupo Municipal Gondomar Concello Aberto, relativa á SOLICITUDE DA SUBVENCIÓN DO FONDO DE COMPENSACIÓN AMBIENTAL 2017

5.c. Moción presentada polo Concelleiro D. Josué Villar Ballesteros do Grupo Municipal Gondomar Concello Aberto, relativa ás DEPUTACIÓN E CONCELLOS GALEGOS

Sr. Alcalde: Sr. Villar, ten vostede a palabra para presentar as súas mocións, que deberá xustificar a urxencia, ainda que xa sabemos cal é o motivo por mor dun erro da plataforma. Adiante.



Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125

CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

Sr. Villar: Pois redundo na explicación da miña compañeira, nos presentamos no prazo. ¿non teño que repetir en cada moción o mesmo?

Sr. Alcalde: Non, non, dende un punto de vista legal si, pero eu si mo permiten, xa sometemos á votación a moción, non é con intención de quitarlle a palabra, pero xa sabemos cal é o motivo.

Sr. Villar: Sodes coñecedores das restantes mocións do Grupo Municipal de CABE

Non producíndose ningunha outra intervención, o Sr. alcalde somete a urgencia desta moción a votación ordinaria co seguinte resultado.

VOTACIÓN E ACORDO

O Pleno da Corporación municipal en votación ordinaria e por unanimidade dos membros presentes, acorda aprobar a Urxencia da Moción presentada polo Concelleiro D. Josué Villar Ballesteros do Grupo Municipal Gondomar Concello Aberto, relativa ás DEPUTACIÓN E CONCELLOS GALEGOS

MOCIÓN : DEPUTACIÓN E CONCELLOS GALEGOS

Defende esta moción o Concelleiro D. Josué Villar Ballesteros que xa xustificou a urgencia

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Promoven: A Mesa pola Normalización Lingüística e as seccións sindicais en Extel de CCOO, CIG, CXT e UXT

As grandes empresas de luz, auga, telefonía, banca, seguros e incluso a administración pública teñen subcontratados os servizos de atención ao público a través de empresas de centros de chamadas.

Na última década os centros de atención á clientela na Galiza foron pechando encanto as empresas centralizaron o servizo en grandes centros de traballo. Desde o estoupiido da crise, as grandes empresas incrementaron a deslocalización dos servizos de atención cara terceiros países.

No noso caso, esta deslocalización agravouse pola exclusión do galego nas relacións comerciais: pecharon centros de traballo na Galiza e o emprego foi levado a outras partes do Estado. Só entre o ano 2010 e 2012 destruíronse no sector da teleatención en Galiza máis de 2.040 postos de traballo e

100.000 galegos e galegas foron obrigados a emigrar pola perda de emprego na nosa terra.



Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125

**CONCELLO
DE
GONDOMAR**
(Pontevedra)

Destruíese emprego e o noso idioma perde un espazo común de grande importancia, o da relación entre nós e as empresas, e ao tempo anúlasenos o dereito de sermos atendidos e entendidos na nosa lingua, que estas empresas desprezan.

Nos últimos días coñecemos outra proposta de despedimento de 205 traballadoras e traballadores na empresa Extel na Coruña, que presta servizos para Movistar. Este ERE responde a unha clara estratexia de deslocalización que pasa por desmantelar o centro de Galiza e cubrir o 1004 desde Bucaramanga, en Colombia, onde xa comezaron a atender as chamadas.

Por todo isto, o pleno do concello de acorda:

- 1- manifestar o seu apoio ás reivindicacións das traballadoras e traballadores de Extel.*
- 2- Reclamar a Movistar que garanta en todos os casos os postos de traballo na Coruña e por tanto a atención en galego.*
- 3- Transmitirle a Movistar que no caso de non atender esta demanda, o concello trasladará a súa oferta a calquera outra compañía que garantir a atención en galego desde Galiza.*

DELIBERACIÓN

Sr. Alcalde: Grazas Sr. Villar, vostede creo que no derradeiro punto, dicía que en todo caso trasladar a outra compañía, a outra operadora os servizos do Concello, xa están, xa non están con Movistar, ou sexa que ese punto xa o temos, xa o temos cuberto. Grazas. ¿Mais intervencións? Perdón ¿quere pechar vostede?

Non producíndose ningunha outra intervención, o Sr. alcalde somete esta moción a votación ordinaria co seguinte resultado.

VOTACIÓN E ACORDO

O Pleno da Corporación municipal en votación ordinaria e por unanimidade dos membros presentes, acorda aprobar a Moción presentada polo Concelleiro D. Josué Villar Ballesteros do Grupo Municipal Gondomar Concello Aberto, relativa ás DEPUTACIÓN E CONCELLOS GALEGOS

5.d. Moción presentada polo Concelleiro D. Josué Villar Ballesteros do Grupo Municipal Gondomar Concello Aberto, relativa á DEROGACIÓN DO REAL DECRETO 310/2016 POLO QUE SE REGULAN AS AVALIACIÓN FINAIS (REVÁLIDAS) EN EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA E BACHARELATO.

O Sr. alcalde somete a urxencia desta moción a votación ordinaria polos mesmos motivos cas anteriores co seguinte resultado.



Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125

C O N C E L L O
D E
GONDOMAR
(Pontevedra)

VOTACIÓN E ACORDO

O Pleno da Corporación municipal en votación ordinaria e por unanimidade dos membros presentes, acorda aprobar a Urxencia da Moción presentada polo Concelleiro D. Josué Villar Ballesteros do Grupo Municipal Gondomar Concello Aberto, relativa á DEROGACIÓN DO REAL DECRETO 310/2016 POLO QUE SE REGULAN AS AVALIACIÓN FINAIS (REVÁLIDAS) EN EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA E BACHARELATO.

MOCIÓN : DEROGACIÓN DO REAL DECRETO 310/2016 POLO QUE SE REGULAN AS AVALIACIÓN FINAIS (REVÁLIDAS) EN EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA E BACHARELATO.

Defende esta moción o Concelleiro D. Josué Villar Ballesteros que xa xustificou a urxencia.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 29 de xullo de 2016, o Goberno en funcións aprobou en consello de ministros o Real Decreto 310/2016 polo que se regulan as avaliacións finais de Educación Secundaria Obrigatoria e de Bacharelato, probas comunmente coñecidas como reválidas, e previstas na Lei Orgánica para a Mellora da Calidade Educativa (LOMCE). Ditas probas, cuxa posta en marcha está programada para este curso 2016/2017, e que afectarán a ao redor de 335.991 alumnos de ESO e outros 229.332 de Bacharelato, segundo datos do propio Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, obriga aos alumnos para ter que someterse a un exame antes de poder obter o correspondente título académico, aínda que aprobase todas as materias.

Consideramos que a aprobación deste Real Decreto é unha auténtica provocación, xa que dita a norma gobernando en funcións, de maneira unilateral e sen lexitimidade política nin xurídica para facelo, levada a cabo sen contar coa vontade democrática manifestada pola comunidade educativa en numerosas ocasións, e o sentir maioritario da Conferencia Sectorial de Educación. Unha mostra máis da incapacidade do goberno do Partido Popular para alcanzar o máis mínimo acordo educativo.

Estas probas de avaliación final ou reválidas supoñen un despropósito e en especial unha gran inxustiza para o noso alumnado:

- Os alumnos de 4º da ESO con 16 anos cumplidos ou por cumplir, e que suspendan a proba superando cuarto da ESO, veranse abocados a retroceder no sistema indo á Formación Profesional Básica (FPB). As alternativas que se presentan a esta opción consisten en que devanditos alumnos queden á espera de repetir o exame, ou saír directamente do circuito educativo.



- *No caso daqueles alumnos que repetisen polo menos un curso é aínda peor, xa que quedarían fóra do itinerario anterior ao ser un requisito para acceder á FPB non cumprir os 17 anos nin cumplilos durante ese primeiro curso.*
- *A FPB ofrece un baixo nivel formativo e a cualificación profesional máis baixa que existe en España, concretamente un Nivel 1 dentro do Marco Español de Cualificaciones, que comprende unha escala do 1 ao 8.*
- *En relación á reválida de Bacharelato, e aínda que se anunciou un acordo coas universidades, o Real Decreto en cuestión mantén a capacidade de cada universidade para manter probas propias e o uso discrecional dos resultados das reválidas para o acceso aos diferentes estudos. O acceso á Universidade por primeira vez en moitos anos non se fará en condicións de igualdade.*
- *O resultado negativo das probas supón deixar sen validez algunha os anos cursados durante cada etapa.*
- *Co curso xa comezado tanto os profesionais da educación como os estudiantes enfrentaranse a finais do presente curso a unhas probas das que nada saben, sen que tivesen posibilidade algunha de introducir na súa programación anual os elementos que puidesen facilitar aos estudiantes a superación das reválidas.*

Estas probas de avaliación final ou reválidas, xunto con outras recentemente adoptadas como a de 6º de Primaria e as avaliações externas xa implantadas, só serven para estigmatizar ao alumnado, profesorado e centros, xerando un mercado, segundo a concepción neoliberal e en sintonía co carácter fundamental da LOMCE, de elección daqueles centros que ocupan lugares más destacados en detrimento do resto, incrementando as desigualdades estruturais, moi lonxe do carácter compensador que debe ter o sistema educativo en prol da equidade e a cohesión social. A posibilidade de facer públicos os resultados destas probas que a LOMCE fomenta o establecemento de “ránkings” educativos que potencia a existencia de escolas de primeira e escolas de segunda o que conculca o principio compensador da educación nas sociedades democráticas e facilita o incremento das desigualdades sociais e persoais.

A avaliación, en especial na súa etapa obligatoria, debe ter unha función formativa e de axuda á aprendizaxe, en ningún caso antipedagólica, sancionadora e excluínte.

Polo anteriormente exposto preséntase ao Pleno Municipal a seguinte PROPOSTA:

PRIMEIRO. INSTAR o Goberno a que derogue de maneira inmediata o Real Decreto 310/2016 polo que se regulan as avaliações finais de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato.



Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125

C O N C E L L O
D E
GONDOMAR
(Pontevedra)

SEGUNDO. INSTAR o Ministro de Educación, Cultura e Deporte, a que convoque con carácter urgente a Conferencia Sectorial de Educación para tratar a derogación de devandito Real Decreto, como así lle trasladaron a gran mayoría dos Conselleiros de Educación autonómicos.

TERCEIRO. INSTAR ao Conselleiro de Educación de Galicia a que se sume á reivindicación do resto de Conselleiros autonómicos que avogan por un gran acordo das Comunidades Autónomas, rexeitando a proposta de Real Decreto do Goberno e pedindo a derogación inmediata do mesmo.

CUARTO. DAR TRASLADO do presente acordo ás Asociacións de Pais e Nais dos centros públicos do municipio, así como aos membros do Consello Escolar Municipal.

Non producíndose ningunha outra intervención, o Sr. alcalde somete esta moción a votación ordinaria co seguinte resultado.

VOTACIÓN E ACORDO

O Pleno da Corporación municipal en votación ordinaria e co seguinte resultado: 11 votos a favor: 3 do Grupo Municipal do PSOE, 3 do Grupo Municipal I.X.G. e 3 do Grupo Municipal M.M. e 2 do Grupo Municipal Gondomar Concello Aberto; 4 abstencións do Grupo Municipal do PP; e ningún voto en contra, acorda aprobar a Moción presentada polo Concelleiro D. Josué Villar Ballesteros do Grupo Municipal Gondomar Concello Aberto, relativa á DEROGACIÓN DO REAL DECRETO 310/2016 POLO QUE SE REGULAN AS AVALIACIÓN FINAIS (REVÁLIDAS) EN EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA E BACHARELATO.

5.e. Moción presentada polo Concelleiro D. Josué Villar Ballesteros do Grupo Municipal Gondomar Concello Aberto, relativa á CREACIÓN DE HORTAS COMUNITARIAS

O Sr. alcalde somete a urgencia desta moción a votación ordinaria polos mesmos motivos cas anteriores co seguinte resultado.

VOTACIÓN E ACORDO

O Pleno da Corporación municipal en votación ordinaria e por unanimidade dos membros presentes, acorda aprobar a Urxencia da Moción presentada polo Concelleiro D. Josué Villar Ballesteros do Grupo Municipal Gondomar Concello Aberto, relativa á CREACIÓN DE HORTAS COMUNITARIAS

MOCIÓN : CREACIÓN DE HORTAS COMUNITARIAS

Defende esta moción o Concelleiro D. Josué Villar Ballesteros que xa xustificou a urgencia

Sr. Villar: Ben, esta moción ven un pouco con anécdota incluída. Esta semana vai selar semana das hortas comunitarias ¿non?, ben eu cando estaba de Concelleiro no Goberno tripartito,



Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125

CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

unha das teimas que tiña era sacar isto adiante, para iso pedira, solicitara no seu momento un informe ao arquitecto municipal no que recollía diferentes zonas que en principio poderían ser susceptibles de ser utilizadas como hortas comunitarias. Iso pensaba que quedara paralizado ata día de hoxe pero o luns, despois de ter presentadas as mociones, me atopo en prensa cunha comunicación do Alcalde que anuncia os cursos, un deles vencellado á utilización de hortas comunitarias, non sei si é casualidade, supoño que xa ven de atrás e para nada penso que o fixera vostede mesmo o luns para bloqueala moción, pero bueno igualmente agradezo que seguiran por esa liña que realmente creo que é, que é moi útil para a xente de Gondomar. Certo é tamén que esta moción se diferencia da proposta que se fixo na Alcaldía o luns, que teño entendido que van a ser dous cursos, un de agricultura ecolóxica e outro de plantas medicinais se non me erro. Bueno esta moción vai ir na liña de ir un pouco máis aló, de tratar de identificar tódolos espazos que teñamos dispoñibles no Concello para levar a iniciativa de hortas comunitarias en todos o máximo posible e nalgún espazo deixar para a elaboración de cursos que podería ser o que está ou podería ser outro, e procedo a ler a moción tal e como está redactada.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Dende os anos 60, pero especialmente nos últimos anos, prolifera nas grandes cidades o fenómeno das hortas urbanas para o autoconsumo, tanto por unha cuestión ideolóxica como movemento de resistencia ante o sistema capitalista, como debido a unha maior preocupación por unha alimentación más natural. As prácticas agrícolas comunitarias están vencelladas coa soberanía alimentar, a calidade dos produtos que consumimos e a creación de emprego, así como coa mellora da calidade de vida, a educación ambiental, as relacions sociais, e a transformación social.

No noso país, a agricultura de subsistencia foi a forma tradicional de cultivar a terra ata mediados do século XX, e ainda persiste na maioría dos casos como "agricultura a tempo parcial" que complementa as economías dos fogares. No Val Miñor, temos un chan especialmente fértil, reunindo as condicións necesarias para implementación das hortas comunitarias. É polo tanto que parece lóxico aproveitar o potencial que ten a nosa terra, e dende Gondomar Concello Aberto pensamos que o Concello de Gondomar pode e debe contribuir na concienciación e a organización cidadá nestas prácticas, axudando na planificación e creación de novos espazos de cidadanía, de intercambio de experiencias e de desenvolvemento de actividades ecológicas.

Por isto, presentamos ao Pleno Municipal de Gondomar a seguinte PROPOSTA:

PRIMEIRO. O Governo de Gondomar solicitará un informe o arquitecto municipal para identificar os melhores espazos para a implantación de hortas comunitarias, incluíndo a plantación de árbores frutais, no municipio de Gondomar no ano 2017.

SEGUNDO. O concello de Gondomar elaborará unhas normas básicas para a utilización destas hortas comunitarias por parte dos veciños e veciñas de Gondomar, prevendo zonas destinadas á compostaxe dos restos orgánicos producidos .

TERCEIRO. Ademáis, o Concello de Gondomar reservará algúns destes espazos para a realización de cursos periódicos de formación en agricultura ecolóxica. Os cursos serán gratuítos.



DELIBERACIÓN

Sr. Villar: Ben, aquí cumpre aclarar que no primeiro punto referente ao informe do arquitecto, eu o incluí, tendo en conta que algo puido mudar dende que solicitei o primeiro informe, non sei si agora se solicitou outro para a realización destes cursos, creo que non porque tampouco tiñan por qué, pero eu nesta moción o inclúo por isto por si houbo algún cambio ou algo que se volva a incluir ese informe, ademais para identificar todas as zonas do Concello. Nada mais.

Sr. Alcalde: Grazas Sr. Villar, eu teño que recoñecer que cando vostede estivo no Goberno, e que é unha pena que non estea, aproveito para dicirillo unha vez mais, tamén llo digo que áinda está a tempo ¿eh? aquí eu creo que fixo un..., creo que.. non pudo cambiar eu, eu podo tenderlle a man a calquera, ata a vostede, chegaralle o seu momento estea tranquilo, eu teño que recoñecer que vostede neste ámbito, si que tiña e ten boas ideas, e de feito que eu me atopei con este traballo feito e ¿por qué non ? si estaba ben feito e era un traballo bo, eu nese senso teño que copiar de quen fai ben as cousas e vostede aquí o fixo ben, tiña o informe do arquitecto cos espazos, podían ser discutibles si algún mais pequeno ou mais grande e tal, tiña a idea tamén das hortas comunitarias, aquí se falou onde estaba o Centro de Saúde, etc., tiña tamén en mente facer este tipo de cursos e outros que fixo que tamén eran moi bos como o de soldadura, tamén é verdade, e do compostaxe tamén hai traballo avanzado por parte da Concelleira e agora do Concelleiro, entón coincidimos, tamén hai que dicir, que aquí tamén ten, mire hoxe estou xeneroso, aquí tamén ten a parte boa o Partido Popular porque incluso nalgunha zona arbórea de recuperación das ribeiras do río e demais xa incluía tamén árbores froiteiros nos seus proxectos, que nos tamén agora estamos tirando por aí, nos parece boa idea que en vez de plantar árbores que se planten froiteiros porque bueno entre outras cousas é unha maneira de ter contacto, e que os nenos coñezan as castañas, os figos, etc., bueno sen mais dilación paréceme moi ben, os cursos estaban planificados xa dende fai mes e algo, de feito comezou onte o prazo de presentación de instancias, onte ninguén o soubo porque non saíra publicado e hoxe empezaron a presentarse, xustamente no de plantas aromáticas e medicinais creo que había a derradeira hora 37 solicitudes para 15 alumnos e da outra pois estaba tamén a tope, ou sexa, que imos avocados a xa facer outros douis cursos iguais posiblemente para xaneiro ou cando sexa. Bueno, eu nese senso, a verdade son sincero, sei que vostede fixo un bo traballo aí e tiña a idea e que espero ademais que siga colaborando co Goberno nese senso en todo canto queira. Grazas. Sr. Araúxo, ten vostede a palabra.

Sr. Araúxo: Grazas Alcalde, nos imos votar a favor desta moción pero bueno queríamos facer un par de consideracións. Bueno isto das hortas urbanas é unha moda bastante urbanita. Efectivamente en Gondomar non é que sexa unha demanda terrible, tremenda porque en Gondomar, na vila, non sendo algunas persoas que viñeran de fora, o que mais ou o que menos áinda ten, áinda vivindo en pisos, ten a horta ao lado, o campo por aquí, por acolá, é dicir que todo o mundo, sei do que falo ademais, pero paréceme ben que si hai alguén por aí, que lle apeteza practicar este tipo de agricultura, e sobre todo pensando na xente mais nova, nos nenos e nenas, pois está ben ¿non?. No tema da moción, vostede fala dun informe do arquitecto municipal e fálolle como agricultor, que leva moitos anos practicando a agricultura ecolólica ademais, e dígolle que home o arquitecto municipal sabe moito de arquitectura e de urbanismo, non sei o que saberá de agricultura, non sei ao mellor sabe moito ¿eh? ao mellor igual os sitios, está ben para saber cales son os sitios públicos, outra cousa é onde montar unha horta, sobre todo unha horta. Digo isto porque ao mellor, e xa llo adianto, non hai que descartar tampouco poñer en valor ou botar man de terreos que son privados, conveniar cos propietarios e facer as hortas aí por unha razón, porque iso implica recuperar terras de cultivo que seguen sendo de cultivo porque eu, é a miña opinión persoal, ao mellor non estou moi de acordo con transformar un xardín público nunha horta e estou mais a favor de manter unha finca, unha leira que acaba de estar, de deixarse de cultivar e recuperar o cultivo desa leira, co que pode implicar incluso da recuperación de regadíos, etc.,etc., e que todo iso vai coligado, é todo un sistema de traballar o campo, pero claro eu o sei porque coñezo as hortas, tomeime a



Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125

CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

molestia de visitalas hortas en Barcelona, en Madrid e por aí e están moi bonitas, son case xardíns na práctica pero claro hai que regalas con auga da traída, é dicir que iso de sustentable ten moi pouco ou nada, pero bueno está ben incluso como cuestión pintoresca si se quiere, polo tanto paréceme ben pero habería que apostar por algo, ser mais ambiciosos e buscar leiras que están a baldío neste momento para recuperar o seu cultivo, co que implica de regadíos etc., e buscar sitios axeitados porque eu os sitios públicos neste momento en Gondomar persoalmente a miña experiencia me di que para hortas non son bos porque son terras frías, sombrías inundables e a horta os que a traballamos sabemos que quere sol, auga e ben estercadas, iso é o que quere a horta ¿non? entón, pero podemos comezar a probar por aí tamén, iso ímolo traballar, pero coidado na Concellería de Medio Ambiente adiántolle que xa están encargadas as árbores froiteiras para colocar nos xardíns públicos, entre outras cousas porque hai, que se salvaron da queima cando as urbanizacións, fora unha iniciativa de este quen lles fala, de salvar as árbores froiteiras, non cotalas e deixalas nas fincas que están aquí ¿non? e tamén lle adianto que en breve convocaranse cursos para poda, para enxertar, etc., etc.. En diferentes cuestións pero bueno paréceme ben, aproveitémonos da moda en todo caso, por dicilo dalgunha maneira, pero creo que hai que ir un pouquín mais alá, e ir mais alá incluso supón tamén comezar a pensar en cómo recuperar esa terra fértil que Gondomar aínda ten, que volva ser cultivada pero cun mínimo de rendibilidade e iso pasa tamén ao mellor por explicarlle aos agricultores, pois cómo facer, cómo vendelos seus produtos, cómo asociarse en cooperativas ou noutras fórmulas e cómo vendelos. Xa hai tamén iniciativas nese senso con mercados de proximidade que en breve comezarán a funcionar en Gondomar, un deses, é dicir é toda unha cadea que ten que ir mais alá que unha moda e que sexa realmente algo útil, e bueno Gondomar non é Nova York, as cousas como son, pero bueno votamos a favor e parécenos ben a iniciativa. Grazas.

Sr. Alcalde: Grazas Sr. Araúxo, ten a palabra para pechar Sr. Villar

Sr. Villar: Nada, compre un par de aclaracións, a primeira para o Sr. Alcalde, é so para insistir que lle quede claro que un dos matices que ten coa iniciativa que tomou foi que a nosa idea é que esos espazos queden con usos periódicos, quere dicir, e agora aproveito para explicarlle ao Sr. Araúxo que di que é que igual non hai demanda, bueno se está mirando polo curso que hai moiíssima xente que..non van chegar estes dous cursos para toda a xente que quere facer isto. Outra precisión, é curioso porque na memoria do seu Plan Xeral di que o terreo mais fértil está no centro de Gondomar polo tanto terá que ver vostede si é o mais fértil ou non é o mais fértil pero na súa memoria di iso. Seguinte é que o arquitecto municipal evidentemente non cultiva pero os empregados, creo que os funcionários do Concello me poderían identificar as zonas e dicir esta zona si, esta zona non, en Intervención difícilmente, en Secretaría difícilmente entón por iso realmente aclaro que é o arquitecto, non é por cuestión de cultivos, é por cuestión de organización do territorio. E por derradeiro, o que din as ideas boas Sr. Antonio, claro que hai ideas mellores, vostede está no Goberno apliqueas e que non teña que vir eu aquí con iniciativas, punto final.

Non producíndose ningunha outra intervención, o Sr. alcalde somete esta moción a votación ordinaria co seguinte resultado.

VOTACIÓN E ACORDO



Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125

C O N C E L L O
D E
GONDOMAR
(Pontevedra)

O Pleno da Corporación municipal en votación ordinaria e co seguinte resultado: 10 votos a favor: 2 do Grupo Municipal do PSOE, 3 do Grupo Municipal I.X.G. e 3 do Grupo Municipal M.M. e 2 do Grupo Municipal Gondomar Concello Aberto; 3 abstencións do Grupo Municipal do PP; e ningún voto en contra acorda aprobar a Moción presentada polo Concelleiro D. Josué Villar Ballesteros do Grupo Municipal Gondomar Concello Aberto relativa á CREACIÓN DE HORTAS COMUNITARIAS

6. Rogos e preguntas.

Sr. Alcalde: Dicirle que se contestaron as preguntas do Pleno pasado, hai algunha por aí que ab mellor quedou pendente, farase, porque estaba ao mellor pendente dalgún informe de intervención, como hai un, algunha cousa mais que tamén xustamente polo problema da administración electrónica pois non se pudo acceder tampouco á información estes días.

ROGOS:

Sr. Gómez: Teño aquí un par de rogos, mire o parque infantil das Ánimas que ten algúns randeeiras, algunas... están un pouquiño deterioradas, si poden darlle unha visual.

Sr. Alcalde: Xa está arranxado iso

Sr. Gómez: Está arranxado iso porque o outro día non estaba, despois si poden mandar unha brigada, neste caso por todo o Concello, para algunhas das fontes que non está limpas e neste caso me refiro concretamente á fonte de Couso, esta que está na estrada que sae de Gondomar cara a Tui, un pouco antes de chegar a Couso alí á man dereita, si se pode poñer unha papeleira ou algo porque a utiliza un montón de xente, moitas veces veñen con envases, están alí tirados e está pouco arrombada, si a poden mirar e arrombala, ademais está nun sitio de moito paso, xente que vai para Portugal, para Tomiño para Tui e todo iso, si poden a todas darlle unha pasada pero neste caso concreto esa. Eses son os dous rogos que teño.

Sr. Villar: Ben, primeiro comezar cun rogo. Houbo unha pregunta que fixo o meu compañeiro Sr. del Río e por mor da vosa, da Técnica de Administración Xeral, ¿cómo está ese procedemento?, as respostas que nos dan é que quedou deserto o proceso selectivo por segunda vez.....retiro o rogo, nada, nada que me acabo de dar de conta dun detalle, queda fóra. O seguinte é un rogo por favor envíeme a enquisa cando queira, me vale o e-mail (dirixido o rogo a Xosé Antón Araúxo, sobre o tema do mercado de abastos).

PREGUNTAS:

Sra. Durán: Grazas Alcalde, imos ver, quería preguntarlle á Concelleira de Igualdade pola Convocatoria de subvencións da Deputación de Pontevedra destinadas a aqueles Concellos de menos de 20.000 habitantes para o Fomento da Igualdade de Oportunidades e a Prevención da Violencia de Xénero para este ano 2016. Saíu publicado no B.O.P. do pasado día 13 de outubro a listaxe de Concellos aos que lle foi concedida a subvención e tamén a listaxe de Concellos, que son dous, aos que non lle foron concedidas as subvencións. Gondomar non aparece nin na lista de concedidas nin na lista de non concedidas. Me gustaría que a Sra. Concelleira me respondese agora neste momento si é porque non se solicitou a subvención dende a súa Concellería.



Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125

CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

Sr. Alcalde: Non está obrigada a Concelleira a contestarlle obviamente se non quiere.

Sra. Durán: Efectivamente, probablemente sei porque a resposta non vai gustar, porque creo que xa xerou bastante polémica a perda desta subvención. Non creo que Igualdade estea moi sobrada de orzamento, de feito a segunda pregunta vai en relación e é, ¿por qué se convocaron soamente este ano cursos online, e hai únicamente só tres cursos? ¿por qué hai tan pouca oferta? é porque non interesa, porque non hai demanda suficiente ou é porque o orzamento non chegou, porque si se dedican a perder subvencións porque non as solicitan pois é normal que ocorran estas cousas, e mais sorprendente é que sexa unha Concelleira, na que no segundo punto da orde do día de hoxe, solicita unha dedicación exclusiva.

Sr. Alcalde: Pois para iso, para traballar.

Sra. Durán: Para iso, quen lle fala foi concelleira e non tivo dedicación exclusiva, e tamén tiña un traballo, son profesional laboral e polo tanto tamén teñía o meu horario, e ademais estas cousas en todo caso debería de pensar antes a Concelleira en si ten algún problema o Goberno pois igual hai outras concelleiras ou outros concelleiros que estean más liberados de tempo.

Sr. Alcalde: Bueno Sra. Concelleira, faga vostede a pregunta

Sra. Durán: Lle pregunto agora isto ¿por qué soamente hai estes tres cursos nesta oferta? Quería, vólvollo outra vez a preguntar, porque non se respondeu a miña pregunta sobre o Certame literario Conde de Gondomar do ano 2015 que preguntei sobre as bases, ¿qué pasou con este certame, por qué non se fixeron? Di que están pendentes de contestación, o Alcalde xa me dixera que non había bases e eu o que quería saber é a razón e os motivos polos cales non se convocou o Certame Literario. Tamén solicitei, quería, bueno xa adianto que fai uns días concretamente o día 11 de novembro, solicitei acceso á explicación, á xustificación do P.A.M porque concretamente quería saber, tiven coñecemento de que hai unha notificación dende a Deputación de que non xustificaron a subvención do certame literario do ano pasado 2015 que foi solicitado, convocado polo Goberno anterior, que tiña este Goberno prazo ata marzo deste ano e que ninguén, non sei si foi polo baile de concelleiros de Educación, non sei qué Concellería se encargaría porque ese certame no Goberno anterior se preparaba e as as solicitudes se facían dende a Concellería de Educación, non sei neste Goberno quen era o responsable, non se convocou para este ano pero o que é terrible é que perderan vostedes a subvención en torno aos 5000 ou 6000 euros que creo que era o que se concedía. Me gustaría preguntar tamén ao Sr. Alcalde polas súas manifestacións que saíron en prensa con motivo, con relación a unha obra da Xunta de Galicia, da rotunda aí no Cruceiro de Mañufe, e que, salvo que eu entendera mal, parece que o Sr. Alcalde da a entender que ata que se remate esa obra non se vai a arranxar o Cruceiro. Solicitei acceso ao expediente porque supoño que iso, dado que a rotura do cruceiro é a consecuencia dun accidente de tráfico, entendo que o Concello faría a reclamación oportuna á aseguradora e entendo que a aseguradora é quen ten que arranxalo, que o arranxe, que o deixe onde está e o día que estea ese proxecto da Xunta executado...

Sr. Alcalde: Pero pregúntamo ou dimo

Sra. Durán: Estoulle preguntando, preguntando

Sr. Alcalde: Pregunte, pregunte, estamo dicindo

Sra. Durán: É unha pregunta moi longa, moi longa Sr. Ferreira, lle digo si a idea do Alcalde é agardar a que sexa a Xunta quen arranxe o cruceiro ou si vai a reclamar á aseguradora que asuma a súa responsabilidade e polo tanto pois faga fronte aos danos causados no Cruceiro



Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125

CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

de Mañufe. Quería tamén volver a preguntar por qué o Concelleiro Sr. Araúxo lle preguntei, que quería acceder ao expediente do mercadillo, a ver que pasaba co cambio de día, non se nos facilitou nada, eu esperaba que antes deste Pleno, pois me facilitara unha copia dese expediente que poida ter polo menos o resultado desas enquisas, vostede me da os resultados que deu a prensa, polo tanto xa os teño pola prensa, e non é que desconfie de vostede pero quero mirar esas enquisas porque a nos, a este Grupo, xa nos chegaron queixas doutro lado, onde a xente que ten , que se dedica á venda ambulante pois non están de acordo con isto, naquel momento eu lle din a miña opinión ao respecto pero o que quero é mirar en base a qué, qué probas obxectivas, si hai unhas enquisas que as mostre, vólolle outra vez a preguntar e si quiere, pois o que quero é que nos entregue pois esas enquisas nas que vostede basea a súa decisión. Tamén me responde o Sr. Araúxo polo tema das licenzas, que como está co tema da sede electrónica entendo que non ten ningún dato, non fixo. Previamente a isto non fixo ningún estudo, non ten.Vale, ben. O tema relacionado coas beirarrúas de Chaín Sr. Ferreira, e que xa me aburren. Eu lle fixen unha pregunta moi clara, varias preguntas, unha delas era, ¿xa ten claro o Sr. Alcalde, qué Administración é a competente para abrir ou iniciar ese expediente de expropiación? Vostede o que me resposta é o que xa me respondeu fai dez meses. Estamos falando cos veciños a ver si evitamos un expediente de expropiación. E que a estas alturas é que xa non o creo e sobre todo quero que me responda ás preguntas que eu lle fago. Si hai que iniciar ese expediente de expropiación ¿o vai a facer o Concello, o vai a facer a Deputación de Pontevedra? E despois lle pregunto ¿para cando teñen previsto arranxar sobre todo tamén o tema do asfaltado da estrada, si está na mente deste Goberno pois esta obra, rematala beirarrúa e a continuación pois rematala estrada, e que xa leva moito tempo e vostede sempre dando largas e aquí por escrito pois é tremendo, pois estamos aquí pois nada, aquí esperando a ver si evitamos o expediente de expropiación. Outra resposta, lle preguntei que ía suceder co Rexistro Municipal e contesta vostede, supón que será vostede, que o Rexistro manterase pechado e as gardas correspondentes ao ano 2016, cada funcionario cubrirá a mesma no seu posto de traballo, é dicir que cada un no seu departamento vai facer esas horas, ben, e as xornadas están a estudio dos órganos sindicais, están pensando o que é recuperar o que é a xornada que legalmente teñen para que a cumpran de luns a venres. ¿quén respondeu isto? Pois iso, isto é o que vostede me quere dicir en esta resposta.

Sr. Alcalde: Despois contéstolle.

Sra. Durán: Por certo, unha derradeira cuestión o Plan de Transporte Metropolitano, ¿lémbrase de que llo preguntei aquí? E que me dixo vostede que xa había presentado o escrito, que era un tema de moita presa e que para vostede tiña moita prioridade, pois resulta que o primeiro escrito que entrou na Xunta e que ademais, non o entregou vostede, eu creo que non se deu conta nin da data, ese escrito saíu por rexistro ao dia seguinte do Pleno de outubro, o 7 de outubro, vostede dixo que hai dous, llo dixo á Sra. Salgueiro na miña presenza, pero resulta que a Sra. Salgueiro so baixou cun escrito, so lle deu un, entón o outro tampouco, xa se perdeu

Sr. Alcalde: Logo tamén llo explicó, xa que no llo explicou a Sra. Salgueiro explícollo eu.

Sra. Durán: E o terceiro foi antonte, onte, vostede cando chega aos plenos é cando se lembra do Plan de Transporte Metropolitano ¿non? Non hai mais preguntas. Grazas.

Sr. Alcalde: Hoxe estou xeneroso, para que vexa. O do Cruceiro de Mañufe, porque os teño, podo contestarlas porque as teño frescas, claras, entón, as outras teño que consultalas. A da Cruceiro de Mañufe, o Cruceiro de Mañufe vaise colocar no sitio, despois cando veñan os da Xunta, cando veñan a facer a senda peonil por alí, si a fan, esperemos que si e o carril bici, teñen que desprazalo cruceiro, xa llo expliquei, como eu tampouco me fío moito da Xunta de Galicia, nin sei cándo van facer as obras, o que non vou facer é esperar a que un día en Santiago se lembrén de Gondomar, non, entón imos facelo, imos a poñer o cruceiro. O cruceiro xa está, xa están aprobados os orzamentos, xa se está xestionando todo coa aseguradora e



Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125

C O N C E L L O
D E
GONDOMAR
(Pontevedra)

xustamente hoxe nos acaban de dalo ok, so hai que desagregar unha parte do orzamento que eran 7000 euros e xa está, que había que dicirlo, especificarillo, polo tanto xa se vai colocar o cruceiro sen prexuízo de que despóis, cando se vaian a facer as obras, haberá que sacalo cruceiro, poñelo no medio da rotunda, non o sei, para iso ademais vai haber un proxecto e ao mellor ata non é o sitio mais adecuado porque isto vai cambiando, fíxese, ao mellor o que pensaba hai un mes, hoxe xa non é, pero iso é o bo dos políticos que van rectificando para ben, porque ao mellor crees que un cruceiro queda ben no medio dunha rotunda e veñen dous ou tres que saben mais ca ti e che din non, porque ese cruceiro ten un simbolismo importante, histórico, é un punto de encontro, si o metes no medio da rotunda a xente non pode acceder a el obviamente, non o pode mirar, non o pode contemplar e ao mellor o que tiñas que facer é deixalo fóra da rotunda, na rotunda poñer outro monumento e tal e cando me din iso digo, pois tes toda a razón, non había caído eu neso mire, pois iso é o bo da política, escoitar a quen sabe e corrixir, e nesa liña estamos que é o que estamos facendo.

Da estrada de Chaín- Morgadáns, o expediente, como sabe vostede, a estrada é titularidade da Deputación, a obra tamén e a concesión, todo, aí a que ten que facer todo é a Deputación, sabeo de sobra, que eu lle faga de interlocutor ou de mediador ou todo iso, está moi ben pero quen ten que facer as beirarrúas e o asfaltado é a Deputación ¿vale? iso está claro, é quen ten que levar a cabo o expediente de expropiación senón se chega a un acordo, ¿vale? iso está arranxado. Si vostede me di ¿qué pasa con iso? Pois mire, o que lle digo sempre, estou canso de falar coa Deputación, de falar co Deputado responsable, de presentar queixas, de presentar escritos e pode decir vostede que son un intútil porque non consigo as cousas, pode ser iso tamén llo permito pero por intentalo que non sexa, o único que sei é que están co proxecto da redacción, cando digo están eu trasládolle a vostede o que me din a min, estamos, estamos é unha palabra moi ambigua, e ademais "sine die" por tanto trasládollo como a min me chega, están para facer o proxecto do asfaltado, que non estaba contemplado nesa obra para nada non estaba, era de palabra entre Louzán e o Goberno anterior, estaba prometido. Sabe vostede que as promesas da administración non valen moito, as promesas políticas tampouco, entón é o que hai, temos que coller e temos que facer copartícipe á Deputación para que mantéñan esa promesa, fagan o proxecto, adxudiquen a obra, rematen as beirarrúas, leven a cabo o expediente de expropiación e todo o demais, e eu ademais volverei a estar tódolos días enriba diso e non so neso senón noutra serie de melloras pero teña por seguro que creo que o final da actuación non ha de ser mala, a do Alcalde, xa verá.

O problema do Transporte, o problema do Transporte sen entrar a valorar o paleolítico do malo, malísimos que formos os que hoxe somos Goberno e algúns que tamén comparten oposición con vostedes por non aprobar aquel proxecto ou aquel modelo de transporte, que podemos falar un día del que xa falamos ademais, pero é que non vou a perder tampouco tampo a falar do que fixen fai dous anos, non, eu vou a perdello tempo no que teño que facer agora e arranxarlle aos veciños e podo dicir que Gondomar entrou no Plan, entrou no proxecto da Área Metropolitana, entrou fai uns meses a formar parte dese proxecto de 14 concellos, para o bo e para o malo, e dentro dese proxecto de Área Metropolitana hai un proxecto de transporte público no cal nos queremos estar. Segundo, para rematar, porque vostedes están intentando constantemente que a ver si nos somos capaces de entrar no Plan para poder estar, tranquila que imos estar no Plan de Transportes pero pronto, prontísimo, cando a Xunta, cando a vosa Xunta mande o Convenio, que xa llo pedimos tres veces, tres. Sra. Natalia, a derradeira vez que a acompañei eu á Secretaría, diante do funcionario, un primeiro escrito llo deu, llo entregou e o outro díxolle, ese era o derradeiro díxolle, o derradeiro está arquivado e vostede dixo, bueno xa, para sabelos datos xa chega. Pero de todas formas non se preocupe, si quiere tódolos escritos, so ten que pedilos, é dicir vostede vai á Secretaría e lles pide os escritos, lles pide os escritos a quen vostede considere é que eu voulle dar tódolos escritos ¿cál é o problema? Que hai tres escritos que, hai tres, están aí e xustamente, mandouse o último creo que onte, creo pero sabe ¿por qué? Non por nada, porque a conselleira se puxo en contacto con nós e nos dixo ademais como tiñamos que facer para pedir, para pedir o convenio e nos dixo, mostrar



Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125

C O N C E L L O
D E
GONDOMAR
(Pontevedra)

parte de que estades interesados e solicitalo inicio do expediente, bueno entón iso foi seguindo as indicacións como lle indicamos a información á Conselleira, pero eu tampouco miro onde está, eu non you a abrir debate con isto, eh? con vostedes, eu so lle estou contestando, so lle estou contestando a súa pregunta, agora si vostede me volve a facer outra pregunta nova lle contesto isto, si me ven dalgunha maneira a xerar un debate porque somos moitos, non sei si lle contestei, si non lle contestei, fágame a pregunta concreta e eu teña por seguro que lle vou a contestar.

Sra. Durán: Sr. Ferreira, si me permite o que non lle vou a consentir é que vostede aquí a lee e aínda por riba veña vostede a tratar de quedar do santo perfecto e de que aquí agora de que en Gondomar non se estea no Transporte Metropolitano da Xunta de Galicia, que sexa agora a propria Xunta e non siga vostede confundindo aos veciños e veciñas de Gondomar coa área....

Sr. Alcalde: Mire Sra. Durán, Sra. Durán

Sra. Durán: Non, non, non, déjeme falar, e que vostede sempre que fala do Transporte Metropolitano confunde a Área Metropolitana de Vigo co Transporte Metropolitano da Xunta de Galicia.

Sr. Alcalde: Mire, voulle dicir unha cousa, isto non é un debate, isto é vostede fai as preguntas e eu lle contesto. Agora entende porque é mellor non contestar ás preguntas ¿verdade? porque entón facemos un debate.

Sra. Durán: Non, non, alá vostede, fágao vostede, faga vostede o que queira, si quiere responder ou non, non quero, non podo consentir...

Sr. Alcalde: Vostede pregunta ¿ónde está a pregunta?

Sra. Durán: O que no lle podo consentir é que vostede publicamente, vostede minta

Sr. Alcalde: ¿quen pide a intervención? Sra. Salgueiro, ten vostede a palabra.

Sra. Durán: Como escapa vostede, como escapa vostede da súa responsabilidade porque minte mais que fala.

Sr. Alcalde: Sra. Durán non ten vostede a palabra.

Sra. Durán: ¿Perdón?

Sr. Alcalde: Que non está vostede no uso da palabra, ten a Sra. Salgueiro o uso da palabra.

Sra. Durán: A verdade é que me sorprende moiísimo, vostede.

Sr. Alcalde: Sra. Salgueiro está vostede no uso da palabra.

Sra. Durán: Vostede e o seu carácter democrático é que me sorprende moiísimo.

Sr. Alcalde: ¿Quere vostede facer algunha pregunta mais?

Sra. Durán: Estoulle respondendo, replicando o que vostede me contestou e lle digo que como o único que fixo foi contestar con mentiras, eu quero deixalo así de claro, por mentireiro, así de claro.

Sr. Alcalde: Non ten a palabra Sra. Durán, non ten a palabra Sra. Durán.



Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125

C O N C E L L O
D E
GONDOMAR
(Pontevedra)

Sra. Salgueiro: Por alusións, e un pouco reiterando o que di a miña compañeira, vostede manifestou que o expediente do Transporte Metropolitano non aparecía, vostede di que non aparece o expediente do Transporte Metropolitano, e ensíname un escrito de tres liñas, que ata o meu fillo de oito anos redáctao mellor e faino mellor, e manifesta que perdeu o expediente do Transporte Metropolitano, entón si para vostede é unha prioridade o Transporte Metropolitano, meu Deus querido non quero pensar eu que serán os que non son prioritarios Sr. Alcalde. Bueno, e nestes días manifestou vostede tamén na prensa que convocaban as subvencións para, con fins culturais, deportivos e sociais por un importe creo lembrar de 55.000 euros, 50.500 creo que foi xustamente, queríamos que nos dixeran por favor de qué xeito se van a distribuír esas subvencións e me refiro a qué parte iría destinada a cultura, qué parte a deportes e qué parte a fins sociais, a qué partidas, contra qué partidas irían estas convocatorias de subvencións e gustarían saber tamén si os convenios nominativos que anualmente ata o de agora se están asinando con diferentes entidades principalmente de carácter deportivo están incluídos nese importe que vostede manexa. Por outra banda tamén quería que a Concelleira responsable da Área de Deportes neste caso me, non sei igual me aclare, somos coñecedores de que existen problemas ou diferenzas de criterios con respecto a o uso do pavillón. Hai queixas Sra. Concelleira, hai queixas de que o uso do pavillón está regulado dun xeito que depende do día no que se erga vostede, entón queríamos saber tamén cómo, si se... bueno supón que será coñecedora destes..., pois igual ten que coller o teléfono cando a chaman Sra. Concelleira, igual ten que estar vostede ao teléfono cando a chaman, entón si que me gustaría pois saber. Si existen, existen queixas, son coñecedora de que existen queixas co tema dos horarios do pavillón e bueno saber si vostedes van facer algún cambio, o van regular doutro xeito ou van a atender as peticións dos diferentes clubes que utilizan o pavillón. Tamén, nunha das preguntas que fixemos e nos responderon, ía dirixida ao Cemiterio de San Cibrán, pois fai, fai mes e pico dicían que estaba en estudio polos técnicos municipais e pendentes de rematalas obras, agora as obras creo que xa están rematadas, gustarían saber si xa teñen pensado vostedes cómo tramitar o expediente de concesión ou ¿de qué xeito van vostedes atendelas peticións dos veciños da parroquia de Donas con relación ao Cemiterio Municipal de San Cibrán?. E por outro, neste Pleno creo que este Grupo, manifestou, deixou claro o seu xesto responsable co Concello, non co Goberno, co Concello e coas contas municipais e agora devólvolle eu unha pregunta que tamén facía vostede en moitas ocasións ¿para cando o orzamento 2017 e en qué termos pensa presentalo e si, bueno de qué forma pensa traelo a este Plenario? Tamén bueno, hai algúns procesos de selección, perdón procesos de selección de peón de servizos varios, creo que se convocou

Sr. Alcalde: Non sei.

Sra. Salgueiro: Non sei ¿qué?

Sr. Alcalde: É que vostede saberá o que quere preguntar.

Sra. Salgueiro: Saberao vostede, estoulle dicindo que procesos de selección de persoal de peón de servizos varios en curso ¿cómo está? Por favor si nos podería informar sobre este tema, e pola miña parte creo que nada mais.Grazas.

Sr. Alcalde: Vale, grazas ¿mais palabras, mais intervencións? Sr. Gómez.

Sr. Gómez: Ao non selo primeiro, xa se fixeron un montón delas, incluso algunhas xa nolas contestou vostede Sr. Alcalde, xa non vou volver a preguntalas. Preguntas tiña varias, pero xa aquí as compañeiras as fixeron e non vou preguntalas, pero teño aquí unha que xa a preguntei noutro Pleno, mire aquí en Donas, no barrio, creo que é no barrio da Cruz, alí onde fixeron aquel muro de formigón e escribiron alí xa creo que en dúas ocasións, alí bueno se retranqueó e quedou alí un pau que creo que é de Fenosa e bueno de momento segue estando alí, saber que xestión fixeron e cómo está ese tema porque é unha pena ¿non? co ben



Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125

CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

que quedou a obra e despois de estar tantos anos esperando e que non se poda gozar dun acceso perfecto porque segue estando iso alí e isto xa leva, debe de levar case un ano ou sen case ao mellor segue estando alí, si fixeron algúun tipo de xestión e en caso de facela en qué situación está iso, cando pensan que lle van dar unha solución. E pois nada mais. Moitas grazas.

Sr. Alcalde: Grazas Sr. Gómez, Sr. Villar

Sr. Villar: A seguinte é polas respostas do Concelleiro, sobre as preguntas a Xosé Antón, bueno primeiro agradecerlle a resposta porque debe ser a resposta mais longa que, das que son por escrito, que me deron pero o problema é que non me respondeu o que lle preguntaba, pero bueno o mesmo que saíu na prensa, basicamente fixen unha solicitude de si podía enviarnos a calquera do Grupo de Gondomar Concello Aberto por e-mail a enquisa, que era en si o que queríamos ver e aquí simplemente dicirille que está ben o de facer enquisas ou preguntar á cidadanía sobre o que quere, é unha boa iniciativa, pero creo que tamén hai que ter en conta cando se fan estas cousas aos actores que participan, é dicir si vostedes fan unha enquisa aos da praza, aos da venda ambulante paréceme ben pero hai que contar tamén cos bares, coa cidadanía que vive na zona, etc., porque van ser afectados por esa política. O seguinte é un rogo por favor envíeme a enquisa cando queira, Váleme o e-mail. A seguinte pregunta que eu lle facía era sobre o semementeiro de empresas e me queda clara que entendo que está todo ocupado pero preguntáballe tamén cáll era a súa idea, si había algúun problema con este tema porque realmente este é un problema que vai haber que resolver tarde ou cedo e nada mais, moitas grazas.

Sr. Alcalde: Grazas Sr. Villar, Sra. Varela ten a palabra.

Sra. Varela: Grazas, bueno primeiro hai unha das preguntas que fixen no anterior Pleno que quedou sen responder, non ten moito que ver coa administración electrónica, penso que non sei si foi un erro, era sobre a avaliación do Plan de Igualdade, e só consta a pregunta e bueno vouna a repetir para ver si a contesta para o seguinte Pleno, era ¿en qué fase está a avaliación do Plan de Igualdade anterior o que rematou no 2015? E despois sobre, tamén a pregunta que lle fixen ao Sr. Araúxo, e que non sei si ao mellor houbo algúun erro, porque a pregunta era sobre o Plan de Compostaxe Comunitaria e eu marcara dúas localizacións, unha delas era a carón da estación de autobuses e vostede me di aquí que é unha propiedade particular e alí había unha propiedade municipal tamén rodeada, estaba no Inventario de Bens Municipais polo menos, busqueino no momento de facer a subvención, pero alí había no inventario, hai unha propiedade municipal.

Sr. Araúxo: (...) bueno estouille respondendo pero xa queda respondido porque era unha pregunta anterior, probablemente estivese inventariado pero é que hai unha sentencia porque houbo alí un preito, bastante complicado hai anos onde iso era propiedade privada, e por iso non o puidemos meter alí, entón estamos buscando na contorna unha zona alternativa pero bueno podémoslle dar unha volta ¿eh? pero xa digo, o asunto é que alí era privado, aquilo é propiedade privada todo.

Sra. Varela: Vale pois a miña derradeira pregunta vai en relación ás denuncias na vivenda situada en Rocha 68 en Víncios por parte de Manuel Pereiro, bueno estes días saíu o tema na prensa ademais eu quería preguntar con respecto a intervención do Concelleiro de Urbanismo nun medio dixital que indica que o Concello fixo todo o posible pero que o resto é competencia da Xunta de Galicia, da APLU, bueno si por estar en solo rústico é competencia da APLU non entendo entón moi ben porque se tomou unha resolución de suspensión en setembro de 2015 por parte do Concello e sobre todo porqué di a Lei do Solo que ainda que a protección da legalidade en solo rústico corresponde a Axencia de Protección da Legalidade Urbanística, a persoa titular da Alcaldía adoptará as medidas necesarias para a paralización das obras e



Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125

C O N C E L L O
D E
GONDOMAR
(Pontevedra)

actividades en execución, isto dío o apartado da Protección da Legalidade en solo rústico, que é o caso, entón bueno parece que a Lei contradí un pouco esa información e quería que nolo explicara. Nada mais.

Sr. Alcalde: Grazas Sra. Varela ¿non hai mais preguntas? Non hai contestación oral das preguntas, se trasladarán por escrito. Damos por terminado, si nalgún momento coas miñas verbas ofendín a alguén pido desculpas, especial a vostede Sr. Gómez e Sr. Villar, e moitas grazas. Boas tardes e ata logo.

E non habendo máis temas que tratar, ás 22 horas e 6 minutos do día 03.12.16, o Sr. alcalde remata a sesión e dela redáctase a presenta acta que eu mesmo asino, de todo o que eu como secretario dou fe.